

XORNADA

## **Relatorios**

# **O PARLAMENTO ANTE O RETO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**Coordinador:**  
**José Julio Fernández Rodríguez**

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016



## **Relatorios**

*Xornada O Parlamento ante o reto da participación cidadá  
Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2016*

**Coordinador: José Julio Fernández Rodríguez**

Xornada *O Parlamento ante o reto da participación cidadá*  
Santiago de Compostela, xullo de 2016  
Coordinación científica: José Julio Fernández Rodríguez

Edita  
© Parlamento de Galicia, 2016  
Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela (A Coruña)  
[www.parlamento.gal](http://www.parlamento.gal)

© Dos textos, os relatores  
© Do limiar: José Julio Fernández Rodríguez

Maquetación  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-114-4

## **Índice**

<b>Limiár</b>	7
<b>Presentación e inauguración da Xornada</b>	6
Miguel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, e José Julio Fernández Rodríguez, coordinador	
<b>Sistema representativo e a crise da democracia de partidos</b>	13
Roberto L. Blanco Valdés	
<b>O Parlamento 3.0</b>	26
Miguel Pérez-Moneo	
<b>Mesa redonda: A visión da cidadanía</b>	44
José Julio Fernández Rodríguez (moderador)	
Miriam Garabito Cociñas	
Susana López Carbia	
Noela Rey Méndez	
Luis Barreiro Carballal	
<b>Os novos instrumentos de participación no Parlamento de Galicia</b>	75
Xosé Antón Sarmiento Méndez	
<b>Clausura</b>	94
Marta Rodríguez Arias, vicepresidenta do Parlamento de Galicia, e José Julio Fernández Rodríguez, coordinador da xornada	

## **PRESENTACIÓN E INAUGURACIÓN DA XORNADA**

**Miguel Santalices Vieira**

Presidente do Parlamento de Galicia

**José Julio Fernández Rodríguez**

Universidade de Santiago de Compostela

## Limiár

A democracia necesita o alimento constante que lle proporciona a cidadanía a través da súa participación. Non é posible outra forma de servir o interese xeral máis que tendo en conta a opinión das persoas, unha opinión que conforma a base ontolóxica da forma de goberno democrático. As fórmulas de democracia participativa e deliberativa acentúan ese rol que deben representar os homes e mulleres das nosas sociedades. Parafraseando a Bobbio, pode afirmarse que a democracia é esencialmente dinámica, estar en transformación é a súa condición natural, polo que se adapta ás novas contornas espazo-temporais para satisfacer as demandas que van xurdindo.

Neste contexto, o Parlamento debe asumir o reto desta participación cidadá, para nutrirse da súa lexitimidade nun marco heteroxéneo e poliédrico, moito más complexo ca no pasado. En efecto, a conformación da representación política e social amosa caracteres disímiles e diversos, soportes múltiples e dixitalizados, concrecóns multinivel e fórmulas que mesturan as solucións tradicionais con novos intentos de democracia directa. O risco de non subirse ao tren da modernidade é perecer nunha estéril autocompracencia en formas periclitadas da representación.

O Parlamento de Galicia asume ese reto de aggiornamento, eu creo que con entusiasmo e preocupación, sabedores como somos na nosa terra de que o éxito en calquera desafío pasa polo traballo e o esforzo persoal. Para afondar nesta liña, organizamos no Pazo do Hórreo, sede do Parlamento de Galicia, o 1 de xullo de 2016 unha xornada titulada *O Parlamento ante o reto da participación cidadá*, con gran éxito de público e con intervencións de sumo interese por parte dos cualificados relatores. Os profesores convidados, e tamén diversos asistentes, ofreceron claves explicativas para fornecer e dinamizar a tan imprescindible participación da cidadanía. O resultado que agora ofrecemos creo que é moi útil para que todos e todas poidamos dar un paso cara adiante no noso compromiso democrático en Galicia. Trátase de aspirar ao sentido prescritivo ou ideal de democracia, como dicía Sartori, cualificando a dimensión descriptiva desta e ampliando o contido con que chegou a nós. Por último, debemos advertir o lector de que o que consta a continuación son as transcripcións das intervencións orais da devandita xornada. Isto significa que os textos recompilados foron concibidos para a súa exposición oral, o que explica certos xiros e rexistros informais, que en ningún caso minguan a calidade do contido.

José Julio Fernández Rodríguez  
Coordinador científico  
Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2016

## José Julio Fernández Rodríguez

Ola, bos días a todos e a todas.

Unhas breves palabras, simplemente, de presentación.

Presidente do Parlamento, amigo Miguel, amigos e amigas.

En 1774 un estudoso inglés que se chamaba Edmund Burke fixo un discurso aos electores de Bristol, á xente que votaba nese ano en Bristol, afirmando que o Parlamento ten que ser unha asemblea deliberante dunha nación quen ten un único interese: o interese do conxunto. Non o deben de guiar os intereses e os prexuízos localistas, senón que debe de construír —digamos— unha razón global baseada no interese xeral dese conxunto. E argumentaba despois: o parlamentario, unha vez elixido, deixa de ser parlamentario de Bristol integrándose no conxunto do Parlamento —fin da cita—. O que estaba dicindo este autor inglés, Edmund Burke, é que o representante, o deputado daquela época, tiña que desligarse dos representados, tiña que actuar autonomamente e non cumplir as instrucións dos representados.

Realmente, a idea de democracia e de representación son ideas polisémicas, mudan ao longo da historia. Nada ten que ver a democracia ateniense coa representación do Senado romano, coa idea de estamentos e do mandato imperativo da Idade Media; ou pouco teñen que ver esas ideas antigas coas ideas modernas de democracia e representación que xorden —como xa se sabe— ao final do século XVIII, na Revolución Francesa, e da independencia norteamericana. Alí, a finais do século XVIII, a representación faise moderna. ¿Por que? Porque se rompen os vínculos do *Ancien Régime*, e instáurase o que se chamou despois o mandato representativo; os representantes, os deputados non seguen instrucións dos seus representados e os deputados non poden ser revogados (isto precisamente é o que defendía o citado Edmund Burke).

Ao mesmo tempo, a finais do século XVIII prodúcese un debate moi interesante entre os partidarios do referendo, é dicir, da democracia directa —Jean-Jacques Rousseau—, e os partidarios da democracia representativa, ou sexa, de votar deputados para que estes tomen as decisións. A práctica histórica fai que venzan estes últimos, os da democracia representativa, e, polo tanto, ao longo do século XIX insístese na idea de sufraxio, áinda que sufraxio censitario. Para que o sufraxio se faga universal, teremos que esperar a finais do século XIX, áinda que só masculino, e haberá que agardar ao século XX para que xa falemos de sufraxio universal feminino.

As cousas seguen o seu curso e despois da II Guerra Mundial aparece o Estado social e a democracia faise más social e a representación integra elementos novos de representatividade social.

Pero chega o final do século XX —¡como saltamos dun século a outro, que rapidez!, ¿non?— e hai unha crise da posmodernidade, hai unha crise económica, social, de identidade, que dá lugar á crise desta representación que viña de tres séculos atrás. Hai crise dos parlamentos, hai crise do parlamentarismo e hai crise da función dos deputados e da función dos representantes. Frente a isto, os teóricos empezan a argüír que é necesario aumentar a deliberación. Hai un autor alemán, moi coñecido e interesante, Jürgen Habermas, que fala de democracia deliberativa para insistir nesta mesma idea: que, á marxe dos representantes, a sociedade, a opinión pública, ten que construír unha deliberación continua.

Ben, neste contexto aparece Internet, e as novas tecnoloxías evidencian esa crise, esa insuficiencia da representación tradicional. Chegamos ao século XXI, chegamos ao día de hoxe. ¿E os teóricos que din? Frente a este contexto, ¿de que temos que falar? De democracia participativa, que é do que intentamos falar hoxe aquí.

Democracia participativa, unha forma nova de democracia ou novedosa na que se enfatiza o papel da cidadanía. Os cidadáns son máis reivindicativos, as persoas son máis reivindicativas, e ao mesmo tempo son más conscientes do rol que teñen que desempeñar na arquitectura do sistema político. Deste xeito, a cidadanía ocupa o lugar central tanto na construcción das políticas públicas como no proceso de toma de decisións. A tres niveis poderíamos dicir: un nivel ascendente, cando se constrúen as políticas públicas; arriba, cando se toma a decisión; e un nivel descendente, cando a cidadanía ten que controlar a aplicación desas políticas públicas.

O obxectivo é formar ou fomentar unha cultura de participación que sexa un proceso continuo, un novo paradigma, onde se mestura de forma sinérxica —permítideme a palabra, un pouco filosófica— a idea de transparencia, goberno abierto, dación de contas, *open data*, participación, etc. A finalidade destes esforzos non é outra que mellorar a democracia, mellorar a calidade do sistema público en todos os niveis, no mundo, en España ou en Galicia.

En fin, como vedes, en dous minutos resumín a evolución da democracia; foi un pouco pretensioso, pero simplemente para facer un contexto situacional desta xornada.

Do que se trata agora é de agradecer publicamente a excelente predisposición do Parlamento de Galicia e do seu presidente para organizar estas xornadas nesta sala tan evocadora e tan bonita, con Carballo Calero que está pendurado —creo— detrás do póster que teño aquí ao lado. E tamén publicamente subliñar o papel que ten Miguel Santalices neste proceso de fortalecemento institucional do Parlamento. É unha persoa entusiasta; eu coñézoa desde hai moitos anos, compartimos ourensánía —por dicilo dalgunha forma—; é

unha persoa vigorosa, entusiasta e moi preocupada por abrir esta institución, por facela más próxima, por mellorar —como xa digo— o rendemento institucional deste Parlamento.

Grazas publicamente polo teu apoio, polo teu entusiasmo na procura da calidade da democracia de Galicia.

Nada máis. Farei algunha consideración adicional despois, cando modere a mesa redonda. Por agora, grazas pola vosa atención.

### **Miguel Santalices Vieira**

Grazas a José Julio, ex-valedor do pobo, que, polo tanto, coñece ben tamén o Parlamento.

Vicepresidenta, secretario, portavoz, deputados, relatores que hoxe nos acompañan e xente que hoxe entra no Parlamento, é bo que a xente tamén visite a nosa institución, e ademais que o faga para participar nunha xornada na que penso que está moi ben orientado o título: «Ante o reto da participación cidadá». Eu creo que isto é moi importante.

Falaba antes José Julio de que eu estou moi ilusionado con isto; é certo, pero hai que pór as cousas no seu sitio. Eu son herdeiro dun asunto que se puxo en marcha antes de ser eu presidente, e eu o que fago é tratar de empurralo agora, pero isto empezou antes. Durante toda esta lexislatura fixéronse traballo encamiñados a isto. Abordáronse, polo tanto, primeiro, unha serie de reformas.

Reformouse o Regulamento, e no Regulamento, basicamente, o que buscábamos era acortar tempo sobre as cuestións parlamentarias. Acurtouse o tempo, por exemplo, para unha interpelación; antes eran quince días, agora quedaron en sete. Acurtouse o tempo para unha pregunta, porque entendiamos que, acortando os tempos, estabamos respectando a actualidade que ás veces merecen os temas que se deben tramitar no Parlamento. Claro, que unha interpelación teña que ser substanciada quince días despois dun determinado acontecemento, é un tempo que se fai moi longo.

E para iso fixemos moitas cousas. Reformouse o Regulamento, con consenso —e isto tamén é moi importante dicilo—. Reformouse o Consello de Contas, porque queríamos, dalgunha maneira, atallar o tema da corrupción, e por aí se puxeron mecanismos en marcha. Abordouse a Lei da transparencia tamén. E, por suposto, e o más importante —que é o que nos ocupa hoxe aquí—, abordouse a Lei de participación cidadá e de iniciativa lexislativa popular.

E aquí hai catro ou cinco apartados —que imaxino que profundaredes hoxe neles— que son moi importantes. O primeiro deles é que, a través da nosa

páxina web, se poden, mediante «Lexisla con nós», facer suxestións, achesgas, sobre calquera proxecto que se estea tramitando, que, se os ponentes nesa lei o consideran oportuno, poderán ser incorporadas.

As iniciativas lexislativas populares tiñan un requirimento antes moi importante: que había que reunir un número de firmas quizais un pouco exagerado; eran 15.000; agora, isto baixouse a 10.000; neste momento son 10.000 as firmas que se requiren, e, ademais, pódese facer incluso mediante un sistema de firma dixital. Polo tanto, eu creo que isto tamén foi un paso importante.

Mediante unha proposición non de lei ti pódesele requisitar ao Goberno determinadas..., o Parlamento é quen de poder requirilo. E para iso —isto non existía— agora pódese, reunindo 2.500 firmas, tramitar unha proposición non de lei formulada por esas persoas, que un grupo ten que asumila, e, en todo caso, ten que manifestar, cando se estea debatendo, que esa proposición non de lei é procedente dunha serie de persoas ou dunha asociación que decidiron tramitar isto.

Aprobamos no último pleno —é a primeira que se acaba de aprobar, levouno Marta Rodríguez Arias polo noso grupo e participaron todos os grupos— unha proposición non de lei que instaba o Goberno sobre a rebaixa do IVE no tema dos cueiros, e foi aprobada por unanimidade. Penso —aquí hai xente que ao mellor me pode corrixir nisto— que é a primeira vez que en España nun parlamento se produce isto. Por tanto, eu creo que aí tamén é moi importante.

Despois, tamén está a posibilidade de formular preguntas ao Goberno; sempre que un deputado asuma esa pregunta, pois poderá ser formulada no pleno ao Goberno. Cinco deputados creo que son os que teñen que assumir a pregunta para poder tramitala e facelo.

Entón, este paquete lexislativo é moi importante, porque fomenta a participación cidadá, e eu creo que isto é importante.

Discutiredes vós, os relatores, despois, de algo que está falándose a raíz disto que puxemos en marcha, e é que se isto pode ou non menoscabar a función dun deputado. Este será un tema que é bo que vós nolo digades. Eu penso que non, eu penso que non. Eu penso que o deputado non está só no seu traballo dentro do hemiciclo, nin aquí na sede parlamentaria. Eu creo que o traballo do deputado está, evidentemente, niso, pero está na rúa, está fóra tamén. O deputado é deputado todo o día, e un deputado ten que estar presente na sociedade e ten que escutar a sociedade. E nós debemos de escutar a sociedade para tratar de lexislar sen crearlle problemas, senón todo o contrario, tratando de axudarlle. Ás veces —temos que dicilo— lexislamos creando determinados atrancos. Eu creo que é moi importante escutar, estar no medio da xente. Eu sempre poño un exemplo diso, da importancia que ten que esteamos entre a xente.

Aquí neste Parlamento trmitouse unha lei —para min, quizais a más importante desta lexislatura—, que foi a lei dos enfermos terminais, da dignidade dos enfermos terminais, dos dereitos e garantías dos enfermos terminais. Foi unha lei que entra a trámite parlamentario por unha proposta do Partido Socialista. Claro, cando a lei é aceptada, esa proposta deixa de ser do Partido Socialista, é do Parlamento. E o Parlamento, mediante os ponentes que se nomearon —un de cada grupo—, reformou praticamente toda a lei, pero acadou un consenso e foi aprobada polos 75 deputados.

Incorporamos a esa lei conceptos moi importantes, que a nós, como lexisladores dentro do Parlamento, se nos ían, nin os contemplabamos. Era unha lei fundamentalmente orientada a que a nosa xente morre, por exemplo, nos hospitais soa. E un día un señor, na rúa, como sabía que se estaba tramitando esta lei —creo que xa o contei algunha vez—, díxome a min: Miguel, a xente tamén morre na casa. E, entón, dixemos: ¿por que non nos imos abrir a que os nosos médicos de familia, hoxe, que teñen unha preparación extraordinaria, poidan fazer, nos casos en que proceda, que ademais está autorizado, unha sedación paliativa ou unha sedación na agonía? ¿Por que non o van poder facer se, ademais, hai certa querenza pola nosa xente de morrer no seu domicilio? Iso non o contemplabamos e iso foi de escoitar a xente.

Tamén escoitamos a xente dicir: hai moita xente nas residencias da terceira idade. Nós non contemplabamos na lei nada de que os médicos da terceira idade puideran fazer sedación paliativa, sedación na agonía. A importancia de escoitar a xente. Eses dous conceptos foron introducidos na lei e aprobados por unanimidade.

Tampouco falabamos de como darlle a posibilidade de que un paciente nun hospital puidera nun momento determinado poder cambiarse a un hospital máis próximo, porque ao mellor procedía estar máis cerca da súa familia.

Todo iso contemplámolo despois de escoitar a xente. Polo tanto, eu doulle moita importancia ao da participación cidadá, doulle moita importancia a que esteamos os deputados —que somos os que, ao final, temos a capacidade de lexislar aquí no Parlamento— presentes onde está a sociedade, onde está a xente, e aí temos unha fonte moi importante de información para o que é a nosa actividade.

Eu agradézolles moito que estean vostedes hoxe aquí, porque esta é unha das formas de asentar tamén a participación. Doulles as grazas, agradézolles a todos os relatores —aos que viñeron de fóra máis— o esforzo de que estiveran aquí hoxe con nós.

E nada máis, que teñamos unha boa xornada.

Moitas grazas.

## **SISTEMA REPRESENTATIVO E A CRISE DA DEMOCRACIA DE PARTIDOS**

Roberto Luis Blanco Valdés

Universidade de Santiago de Compostela

**Presentación:** Eva Millán Calenti (xornalista)

## Presentación de Eva Millán Calenti

Tamén o reflectía o organizador desta xornada, José Julio, o papel reivindicativo que teñen agora os cidadáns e todos os mecanismos que teñen para chegar, precisamente, a unha situación como é o Parlamento.

Por iso, se queren vostedes, áinda que teñen o programa, vai haber varios relatores. Roberto Blanco Valdés, que é o primeiro relator, falaranos de «Sistema representativo e a crise da democracia de partidos».

E para resumir toda a actividade, quedei coas cousas que posiblemente hoxe sexan máis interesantes para el. Por exemplo, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela; é catedrático de Dereito Constitucional no Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado; traballou como experto para moitas institucións, entre elles a Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas, do Ministerio de Cultura; é especialista en cuestión territorial, responsable do capítulo relativo á Comunidade Autónoma de Galicia, tamén participa en moitísimos medios de comunicación, como saben vostedes, e está vinculado total e absolutamente á Fundación Santiago Rey Fernández Latorre e a *La Voz de Galicia*.

O seu relatorio é «Sistema representativo e a crise da democracia de partidos», algo que, como comentabamos ao principio, ten moito que ver tamén co tema de hoxe.

Roberto, cando vostede queira.

## Roberto Luis Blanco Valdés

Moi bos días a todos.

Excelentísimo señor presidente; señoras e señores deputados; representantes dos grupos; queridos alumnos; señoras e señores.

Quero comenzar, como é obvio, por agradecer ao Parlamento de Galicia, na persoa do seu presidente, o bo amigo Miguel Santalices, a invitación para estar hoxe aquí; teño que facer extensivo, por suposto, ese agradecemento ao professor Fernández Rodríguez, querido colega e amigo, pola invitación, e a todos vostedes pola súa presenza. Moitas grazas, en fin, Eva, compañeira nos medios de comunicación desde hai moito tempo. Comezo, pois.

Se o pensan vostedes ben, toda a actividade do Parlamento, toda ela, está mediada polos partidos políticos. Aínda que falamos do Parlamento moi frecuentemente sen ter en conta os partidos, en realidade non é posible concibir a democracia parlamentaria sen subliñar o papel fundamental que xogan os partidos.

En calquera país do mundo, desde hai, como mínimo, setenta anos, é dicir, desde despois da Segunda Guerra Mundial —probablemente desde moito antes, pero con toda seguridade desde despois da Segunda Guerra Mundial—, a democracia é unha democracia de partidos; en realidade, comezou a selo un pouco antes, como trataréi de explicar agora. E, polo tanto, calquera solución, calquera medida que se queira tomar coa finalidade de favorecer a chamada democracia participativa, ou coa finalidade de abrir as institucións aos cidadáns, de favorecer a presenza dos cidadáns nas institucións a través do medio que sexa, pasa necesariamente polos partidos.

Os partidos son o elemento vertebral da democracia (pese a que nalgúns momentos se cantaron misas polo seu final) e eu estou absolutamente convencido de que o van seguir sendo. Outra cuestión distinta é de que partidos falaremos no futuro, se imos ter sistemas partidos estables ou non. Esta é outra cuestión que abordarei logo. Polo tanto, a miña primeira consideración ten que referirse xustamente á destacar a importancia dos partidos.

A nosa Constitución resume moi ben a importancia dos partidos. A Constitución, no artigo 6, que está moi ben redactado e está situado con razón no Título Preliminar, dispón que os partidos teñen tres funcións fundamentais: expresar o pluralismo político e social, concorrer á formación e manifestación da vontade popular e ser instrumento fundamental de participación política. Esas tres funcións dalgún xeito resumen todo o que fan os partidos.

Os partidos expresan o pluralismo. As sociedades pluralistas maniféstanse non só a través dos partidos (hai sindicatos, asociacións non goberna mentais, o chamado terceiro sector, e hai outro tipo de asociacións de moi diversa natureza), pero os partidos son, sen dúbida, un instrumento esencial de expresión do pluralismo, elementos fundamentais que concorren á formación e manifestación da vontade popular. Todos os procesos electorais son procesos nos que interveñen os partidos: poden ser partidos tradicionais ou ser partidos novos; poden ser formas, incluso, que se presentan como antipartidistas, como o caso de Beppe Grillo en Italia, ou o caso doutras forzas políticas fóra de España ou dalgunhas forzas políticas en España; pero, en todo caso, son formas que antes ou despois adquieren os carácteres dos partidos; e, finalmente, estes son o instrumento fundamental da participación política, porque aínda que a participación non só se produce a través dos partidos, prodúcese, fundamentalmente, a través dos partidos.

Os partidos foron elementos fundamentais no proceso de construcción dos sistemas democráticos. É verdade que os sistemas representativos nacen a finais do século XVIII e principios do século XIX sen que existan partidos. A Revolución Americana é de 1776 e a Revolución Francesa de 1789: eses son os dous momentos fundacionais. E con esa influencia os países vanse incorporando máis tarde ou máis axiña ao sistema representativo: Bélxica, en

1830; os países nórdicos, entre 1809 e 1814; Dinamarca, en 1848; Portugal, en 1822; Inglaterra, moito antes, un século antes, de feito; España, en 1812, e xa despois en 1834.

É a partir do momento no que as institucións representativas agroman e se van consolidando pouco a pouco cando os partidos van tendo unha importancia crecente, unha importancia progresiva, aínda que é verdade que as institucións iniciais nos parlamentos non eran institucións partidistas. A medida que os partidos se van consolidando ao longo do século XIX eses mesmos partidos disciplinan o funcionamento dos parlamentos, de xeito que no primeiro período entre guerras, entre 1914, cando comeza a Primeira Guerra Mundial, e 1919, cando remata, se produce un proceso de clara consolidación dos partidos. Os partidos son moi febles, hai moitos partidos, e esa febleza e esa pluralidade extrema dos sistemas de partidos contribúe decisivamente á crise dos sistemas representativos, que entón xa eran nalgúns casos sistemas democráticos.

A representación é democrática cando votan todos os homes e todas as mulleres a partir dunha determinada idade: cando se implanta o sufraxio universal. Para entendernos, aínda que algunhas veces consideramos os termos «Estado representativo» e «Estado democrático» como sinónimos, o certo é que non son sinónimos. Os sistemas representativos nacen a finais do século XVIII mentres que os sistemas democráticos nacen, en realidade, no primeiro período de entreguerras, e, en moitos países, despois da Segunda Guerra Mundial. As primeiras mulleres que votan en Italia votan no 1947 e as primeiras mulleres que votan en Francia votan despois da expulsión dos alemáns. E o sistema é democrático cando votan todos os homes e mulleres.

A medida que se van consolidando os sistemas democráticos os partidos van gañando importancia e son, ademais, un instrumento fundamental da consolidación democrática. O caso inglés é un caso característico, pois Inglaterra convértese dun sistema de monarquía constitucional nun sistema de monarquía parlamentaria ao longo da segunda metade do século XIX en gran medida grazas ao papel que xogan os partidos británicos. A democracia é posible despois da Segunda Guerra Mundial porque hai partidos estables, porque hai partidos asentados, porque hai partidos que vertebran o sistema, e isto é o que evita que despois da Segunda Guerra Mundial os sistemas quebren como quebraron moitos deles despois da Grande Guerra.

É certo que o mundo tiña cambiado entón, é certo que tiñamos pasada a experiencia de dúas guerras mundiais horrorosas con máis de 80 millóns de mortos, isto é verdade, pero o certo é que os partidos xogan aí un papel fundamental. Non hai máis que velo no caso de España, onde os partidos fixeron unha contribución esencial. Fálase mal dos partidos, e algunas razóns hai para falar mal dos partidos, pero os partidos fan, no caso español, unha con-

tribución decisiva ao sistema democrático despois de 1977. Non se podería ter consolidado o sistema, sen dúbida, sen a contribución decisiva dos partidos.

Abordarei deseguido unha segunda cuestión. Os partidos foron institucións obxecto de discusión e impugnación desde o momento mesmo da súa consolidación. É dicir, con este debate no que estamos hoxe, de se os partidos son bons ou os partidos son malos, daría a sensación de que estamos ante un fenómeno novo, e non, non é un fenómeno novo, os partidos foron obxecto de profundo debate desde o momento mesmo en que se consolidan como institucións do Estado representativo.

En 1911 publícase un libro (que probablemente está na magnífica biblioteca do Parlamento de Galicia) dun autor alemán, Robert Michels, que formula unha teoría que moitos de vostedes coñecerán (con toda seguridade os que foron alumnos meus): a chamada lei de ferro das oligarquías. ¿Que é o que sostén Michels? Sostén que os partidos teñen unha tendencia natural a funcionar dun xeito oligárquico. É aquela a época na que as teorías elitistas (de Mosca e Pareto entre outros) están no seu apoxeo, e Michels estuda o Partido Socialdemócrata Alemán e di: «Señores, os partidos teñen unha tendencia irrefreable a funcionar de maneira burocrática e de maneira oligárquica, a que os grupos dirixentes dos partidos se fagan co mando dos partidos». É unha crítica dura aos partidos, que se combina con outra crítica un pouco posterior doutro autor alemán, Heinrich Triepel, quen, despois de analizar o funcionamento dos partidos no Parlamento, sostén que a dinámica dos parlamentos cambiou como consecuencia da consolidación dos partidos: os parlamentos non son xa aquelas institucións nas que os deputados armados coa súa propia opinión chegaban alí e votaban segundo lles parecía. En realidade, isto sucedeu un período moi curto. En realidade, cando Triepel fala deste período inicial, está idealizando un período histórico, porque en realidade isto ocorreu só nas orixes do constitucionalismo. Pero é certo que os partidos provocan un cambio fundamental no Parlamento; os partidos provocan a disciplina parlamentaria e o mandato partidista con todo o que iso trae da man. Os partidos, obviamente, funcionan con disciplina, con criterios uniformes, algo que é absolutamente indispensable. Hai unha obra magnífica, indispensable, dun politólogo italo-norteamericano, Giovanni Sartori —*Ingeniería constitucional comparada*— onde o autor explica que se non hai disciplina partidista non hai maneira de que funcione o sistema parlamentario.

Polo tanto, hai un debate desde os anos vinte en contra dos partidos. Por unha banda, dise que os partidos son institucións tendencialmente oligárquicas e pouco democráticas; pola outra, que perturban a dinámica parlamentaria. Esas son as dúas grandes liñas de crítica aos partidos. Frente a esas liñas de crítica, un gran xurista europeo, Hans Kelsen, escribe un libro —entre moitos outros libros—, un libro delicioso, *Esencia e valor da democracia*.

cia, onde Kelsen defende, en 1920, claramente os partidos: «Só por ofuscación ou dolo pode sostenerse a posibilidade da democracia sen partidos; a democracia, necesariamente, require un sistema de partidos» escribe Kelsen. Kelsen defende, pois, os partidos fronte ás posicións críticas de Triepel e de Michels. En realidade, Kelsen é máis moderno que calquera dos outros dous, por unha razón, porque Kelsen dáse conta de algo que é absolutamente decisivo: que non vai haber posibilidade ningunha de organizar sociedades complexas se non hai partidos que reduzan a pluralidade e a expresen nas institucións. Os partidos teñen esa función fundamental, e Kelsen dáse conta diso, de que non hai posibilidade de organizar a pluralidade política sen partidos. É certo que os partidos teñen problemas e é por iso —sostén Kelsen— que hai que procurar establecer instrumentos democratizadores fronte a ese tipo de problemas

A terceira reflexión que quero facer refírese ao feito de que hoxe estamos nunha situación nova marcada en gran medida pola crise dos partidos. Quen queira comprobalo, quen teña dubidas ao respecto, pode ler un libro recente, verdadeiramente magnífico, que ademais se publicou, por desgraza, a título póstumo, porque o seu autor, un xove profesor irlandés, Peter Mair, morreu prematuramente: trátase de *Gobernando el vacío*, un libro relativo á crise dos sistemas de partidos actualmente.

Mair insiste en algo no que eu xa insistira nun libro anterior, titulado *Las conexiones políticas*, publicado pola mesma editorial (Alianza Editorial), que publicou e traduciu o libro de Mair. Segundo el, hoxe asistimos a unha situación completamente nova como consecuencia do feito de que os partidos —que, tras a Segunda Guerra Mundial, tiveron un prestixio inmenso porque colaboraron de maneira decisiva na loita contra os fascismos— perderon despois dos anos oitenta do século XX unha gran parte do seu prestixio e o seu apoio popular.

¿Cales son esas manifestacións dese fenómeno? En primeiro lugar, entre os anos oitenta e a actualidade prodúcese unha caída espectacular da participación electoral. Nos anos oitenta a participación electoral media nos países democráticos está en torno ao 85 % ou 90 %, e hoxe hai moitos países que non conseguén superar nunca participacións do 70-75 %, e incluso países de longa tradición democrática que non conseguén superar o 60 %. Polo tanto, estamos en participacións moi baixas, en comparación coa media dos anos sesenta. Obviamente, de pronto hai participacións más altas se a polarización da elección é moi forte, pero a media baixou vinte puntos en Europa nos últimos trinta anos, e isto é un elemento fundamental.

Como digo, este é o primeiro elemento da crise dos partidos. O segundo é o da caída de afiliación dos partidos. As primeiras veces que eu fun a Italia —comecei a ir por razóns de traballo despois de rematar a carreira, cando xa

era profesor nos primeiros anos oitenta— moitísimos colegas estaban afiliados aos partidos políticos. Hoxe vou a Italia e acontece o mesmo que en España: que moi poucos cidadáns están afiliados a un partido político. Houbo unha caída espectacular da afiliación partidista, de tal xeito que a relación, que viña sendo, aproximadamente, dun afiliado por cada dez votantes, pasou a ser dun afiliado por cada corenta, cincuenta ou máis votantes.

Esta é de novo a media, hai países onde hai más afiliados e países onde hai menos, pero a media vén ser que dun a dez na relación militantes/votantes pasamos a unha media do triplo ou o cuádruplo. É certo que os partidos afirman, ás veces, que teñen moitos miles de militantes, pero logo, cando se depuran os censos, por exemplo porque hai unhas eleccións primarias, compróbase que teñen moitos menos militantes, porque hai moitos afiliados que figuran nos censos, pero nin pagan cotas nin fan ningún tipo de actividade partidaria.

A crise partidista maniféstase tamén nunha caída do que se chama a continuidade parlamentaria vinculada á volatilidade electoral dos partidos. Os partidos fundamentais sobre os que se verteira a democracia de Europa son dous tipos de partidos: na esquerda, os partidos socialistas ou socialdemócratas e os comunistas; na dereita, os partidos demócratas cristianos ou liberais. É dicir, hai catro ou cinco partidos por país que vertebran o sistema democrático cunha continuidade inmensa, de tal xeito que varían os resultados —uns soben, outros baixan, dependendo das eleccións—, pero esos partidos agrupan entre o 85 % e o 90 % dos votantes. E hai unha volatilidade electoral —a volatilidade electoral mídese polo cambio de opción de voto nas eleccións— moi pequena.

Pois ben, a partir dos anos oitenta, e sobre todo nos anos noventa, esta situación de continuidades muda. Comeza a haber unha gran volatilidade electoral, de tal xeito que millóns de electores cambian de opción dunha elección a outra. Isto vese agora perfectamente en España ou en Italia, que se incorporaron a este proceso dunha maneira —diríamós— especialmente intensa. Mais non só en España e en Italia: acábanse de celebrar eleccións presidenciais en Austria e chegaron á segunda volta un candidato de extrema dereita e un candidato dos Verdes, mentres que os partidos tradicionais foron duramente derrotados. Do mesmo xeito, en Francia houbo hai uns anos unhas eleccións presidenciais dramáticas nas que o candidato socialista non chegou á segunda volta e chegou a segunda volta Le Pen, o pai da señora Marine Le Pen, a creadora do Front National francés.

Polo tanto, prodúcese, como digo, unha descontinuidade nos sistemas de partidos, de xeito que partidos importantísimos术 desaparecen ou quedan reducidos a unha posición marxinal. O caso máis característico é o de Italia, onde, pese a existir un forte Partido Comunista, había unha chamada con-

*ventio ad excludendum*, por virtude da cal os comunistas non poderían gobernar. Podían gobernar nos concellos, podían gobernar nas rexións ou ter a Presidencia da Cámara de Deputados, pero non podían chegar ao goberno. Pois ben, en Italia había un forte Partido Comunista, un pequeno Partido Socialista, unha forte Democracia Cristiá. Eu estaba vivindo en Italia, en Roma, cando se produciron as eleccións que acabaron co sistema de partidos italianos, é dicir, o que se chaman as eleccións do final da República, porque, en realidade, áinda que non se falou dunha Segunda República, en Italia hai unha Segunda República.

¿Que pasou? Pasou que o Partido Comunista converteuse noutra forza política, primeiro no Partito Democratico della Sinistra e logo xa no Partido Democrático, que ten pouco que ver co que foi no seu día o Partido Comunista. O Partido Socialista sinxelamente desapareceu, o seu líder (Bettino Craxi) fuxiu, porque estaba perseguido —todo isto tivo que ver coa operación Mani Pulite (Manos Limpias), da Maxistratura de Milán—, fuxiu e morreu no norte de África, en Tunes. A Democracia Cristiá dividiuse en varias partes e unha delas impulsou o nacemento de Forza Italia, o partido de Silvio Berlusconi.

Este proceso de voadura, ou en todo caso de profunda alteración, do sistema de partidos vixente despois da Segunda Guerra Mundial estase producindo noutras países de Europa, onde están emerxendo forzas novas: o Partido do Progreso noruegués, o Partido Democrático en Suecia, Alternativa para Alemaña en Alemaña, o caso de España con Podemos e con Ciudadanos.

Polo tanto, estamos nunha situación na que aparecen forzas novas, desaparecen forzas tradicionais, hai unha alta volatilidade e hai unha, finalmente, perda de prestixio dos partidos. Isto pode constatarse en todos os estudos electorais. En España e fóra de España percíbese esa perda de prestixio dos partidos políticos. Cando se lle pregunta á xente como valora os partidos, esa valoración tende a ser mala ou moi mala. É verdade que cando se lle di: ¿cre vostede que é posible a democracia sen partidos políticos?, que é unha pregunta que fai o CIS desde fai vinte anos ou trinta anos, unha alta porcentaxe afirma que é absolutamente indispensable que haxa partidos para que haxa democracia. É dicir, aos cidadáns non lles gustan os partidos, pero son conscientes de que ten que haber partidos.

E é que os partidos parécense aos impostos. Non nos gusta que haxa impostos, a ninguén cando ten que rascar o peto para pagalos lle gusta que haxa impostos, pero todo o mundo sabe perfectamente, salvo os máis parvos ou os máis egoístas, que ten que habelos, que temos que pagar impostos, porque, se non, non poderíamos ter un Parlamento; se non pagaramos impostos, non poderíamos ter institucións sanitarias, educación gratuita, non gozariamos da cantidade de servizos que temos nun Estado social e de dereito: educación, seguridade ou xustiza.

¿Que facer ante o panorama que acabo de describir?, e con isto entro na parte derradeira das miñas reflexións. Eu creo que hai que facer basicamente dúas cousas, que as dúas alternativas fundamentais pasan por dúas cousas que non son contraditorias senón absolutamente complementarias: hai que debilitar os partidos nos eidos onde non teñen que estar e reforzalos no espazo que lles corresponde. Os partidos teñen unha tendencia profunda a colonizar absolutamente todo aquilo que tocan, de tal xeito que os partidos acaban colonizando o Consello Xeral do Poder Xudicial, acaban colonizando o Tribunal Constitucional, acaban colonizando as institucións de control —os consellos de contas, consellos consultivos—, e isto non é normal. Isto hai que cambialo. Temos que buscar instrumentos para colocar os partidos no lugar que lles corresponde. Non é fácil de facer: eu sei que é difícil, porque neste debate no que estamos hoxe sobre como se poden alcanzar este obxectivo, dinse algúns cousas que, ou son basicamente inxenuas, ou son parvadas, áinda que se formulen coa mellor boa fe.

¿Como se despolitiza o Tribunal Constitucional? Pois é moi difícil. En Alemaña o seu Tribunal Constitucional Federal é elixido dun xeito similar, áinda que non idéntico, ao noso: a metade dos seus membros son designados polo Bundestag e a outra metade polo Bundesrat, pero están menos politicizados que aquí, porque teñen unha tradición política substancialmente distinta. En Estados Unidos todos os membros do Tribunal Supremo son designados polo presidente, co control do Senado, pero son designados para toda a vida. E como son elixidos de por vida, é difícil presionalo, pois resulta difícil influír sobre alguén que ten un posto vitalicio, porque ao que ten tal condición non se lle pode ofrecer nada para cando deixe o posto. Temos, pois, que descolonizar as institucións. Hai institucións nas que os partidos teñen que estar presentes, como son os parlamentos, e hai institucións nas que os partidos non teñen que estar, como son os órganos de control. É dicir, os partidos ocupan un espazo demasiado grande nalgúns sitios, e —esta é a segunda parte do meu razonamento— ocupan un espazo demasiado pequeno noutros, hai que fortalecelos na sociedade e hai que intentar democratizalos.

Eu teño sobre isto—¿como dicilo?— un san escepticismo. Son bastante esceptico respecto da posibilidade de democratizar moito os partidos. De feito, os partidos tenden a ser son moi democráticos cando lles vai moi mal electoralmente e tenden a ser pouco democráticos cando lles vai ben nese eido esencial da súa actividade. É dicir, o que más democratiza un partido é que lle vaia mal nas eleccións, que é cando hai nel moito debate interno. Se lles vai ben, todo o mundo apoia o líder, todo o mundo está encantado cos dirixentes, non hai problema ningún, o líder é *pistonudo*, o líder é magnífico; cando lles vai mal, o líder é un tipo que non hai por onde collelo. Os exemplos están por todas partes. É tráxico, pero así funcionan as cousas nos partidos.

Pódense introducir elementos de transparencia, crear institucións que favorezan esa democratización, pero, máis alá diso —e isto é algo que ten que ver directamente coas xornadas e co que se falará despois na mesa redonda—, hai que favorecer a presenza dos cidadáns no Parlamento. Se cadra tiñamos que pensar en serio —direíno hoxe en público non por primeira vez, pero case por primeira vez—, en mudar o sistema electoral radicalmente, en ir cara a un sistema con distritos uninominais, de xeito que en cada distrito se elixa un deputado. Os deputados serían deputados de distrito, pensando en que iso favorecese a liberdade dos deputados e a súa calidade. Dícialles antes que estiven hai anos vivindo uns meses en Washington e unha das cousas que entón más me chamaron a atención ao pasear pola rúa foi ver carteis de congresistas que tiñan nun piso a súa oficina parlamentaria onde recibían os seus electores.

¿Como o facemos? Intentamos reproducir a realidade que calquera de vós vivistes nas vosas casas e os que sodes pais facedes cos vosos fillos. Despois (de xantar ou de cear) igual debatemos, falamos das experiencias, comentamos..., e moitas veces os comentarios son políticos. Os rapaces descobren, os meus fillos descobren —eu son dos que firmei o dos cueiros, teño catro fillos (*Risos.*), xa non os usan, pero, bueno, pensando nas xeracións futuras—, os nosos fillos aprenden, que hai un ámbito político e un ámbito técnico, un ámbito de debate e outro que non o é. Meu fillo maior ten 16 anos, quería ir á final da pelexa de galos —destes que rapean e se retan— en Valencia. Descubriu que hai un nivel técnico que non puido superar —*no vas a ir, chaval*—. Pero fixoo moi ben, debateu, argumentou... Chegou a un nivel técnico, e..., non vas. (*Risos.*) Ben, pois os rapaces tutelados tamén teñen que ter ámb-

bitos de discusión, de debate e de descubrir cal é o ámbito técnico e cal é o ámbito político.

Nós aos nosos recursos chamámoslles RAI —recursos de apoio á inserción—. Son bastante horizontais, pero non absolutamente. Os rapaces traballan en asemblea, viven oito rapaces xuntos de entre 16 e 18 anos, e teñen un ámbito de decisión. É dicir, eles deciden o que van comer, por exemplo, pero decídeno dentro dunha dieta establecida cada mes. Por tanto, se non queres comer pescado en tres semanas, podes facelo. Agora, a última semana cae pescado. O do Brexit enténdeno perfectamente, as decisiones teñen consecuencias. Avalía as túas decisiones, porque, igual queres comer toda a semana carne, pero despois o resto do mes non toca máis carne, ¿vale? E hai un ámbito técnico a onde non poden chegar, que é o ámbito propio da toma de decisiones da organización e dos educadores. E ademais hai un liderado rotatorio. Cada un dos rapaces lidera a vivenda cada semana e, por tanto, teñen que coordinar, teñen que exixir e teñen que consensuar cos seus compañeiros. Intentamos adestralos nese tipo de habilidades.

O Parlamento para nós recoñeko que estivo bastante aberto. Os nosos rapaces teñen visto aquí en diversas ocasións a facer exposicións de fotografía, reunirse coa Presidencia do Parlamento, reunirse cos grupos parlamentarios. E unha vez ao ano facemos un congreso de participación todas as entidades que estamos na rede, en EAPN —acaba de estar a valedora do pobo con nós—, onde os colectivos —inmigrantes, persoas sen teito, etnia xitana...— debaten e fan as súas exixencias de xeito directo.

Eu comentáballe a José Julio que un tema moi interesante é o que se planteou de reducir odereito ao voto aos 16 anos. Eu dicíalle: a ver, nós aos 16 anos aspiramos a que os rapaces cos que traballamos se duchen sós (*Risos.*), autonomamente. Só o 20 % dos rapaces de 16 anos que chegan aos nosos recursos son capaces de xestionar a súa hixiene, jo 20 %! Entón, se non hai adestramento político, se non hai adestramento na toma de decisiones e no liderado, é inútil baixar a idade, é unha medida política curtopracista que non conduce a nada.

Remato.

Retomando os tres ámbitos de dereito de participación directa que recolle a Constitución:

O ‘dereito de petición’: debemos educar os rapaces nese tipo de recursos que son más visibles que fácticos —como o *change.org*— para que se posicionen, tomen decisiones e se postulen, que teñan un exercicio activo —tamén nas redes sociais—;

O ‘referendo’: votar ten que ser un hábito. Os nosos rapaces teñen que habituarse a que a toma de decisións require consenso e ten consecuencias; non podemos votar cos riles, hai que votar tamén co cerebro.

E, finalmente, a idea de ‘concello aberto’: a mi sempre me pareceron kafkianas as votacións municipais en concellos galegos de 1.000 habitantes ou menos en listas pechadas e bloqueadas. Cando se presenta o teu primo, o teu irmán e o teu cuñado sabes da capacidade e moralidade de cada un, coñécelos a todos e... ¿tes que comer a lista con patacas? É absurdo, a maiores niveis é debatible, pero, dende logo, a nivel local e en concellos tan pequenos as listas pechadas e bloqueadas son un absurdo democrático. Teñen que existir ámbitos a nivel local, parroquias, barrios, onde os rapaces se poidan adestrar en participación política, en toma de decisións, en orzamentos participativos, en decidir que priorizamos, se arranxamos primeiro este camiño ou arranxamos o centro sociocultural; ese tipo de toma de decisións fácticas inmediatas que lles van permitir aos rapaces adestrarse nese tipo de habilidades.

Graciñas.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Para la tormenta de ideas: derecho de petición, referéndum, integración y ciudadanía activa, listas abiertas, ayuntamientos abiertos.

Bueno, es la hora del público, al que le doy la palabra.

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

En primeiro lugar, felicitacións a todos os relatores.

Eu teño preguntas para todos, pero, como non quero tampouco monopolizar, vou facer cuestións moi puntuais. Vou seguir a orde das intervencións.

Á señora que participou en primeiro lugar, a Miriam, plantéolle esta cuestión: ¿os docentes están realmente preparados, na súa opinión —salvando a excepción da entidade que vostede representa, en fin, hipoteticamente—, para transmitir cultura política aos alumnos? ¿Vostede que cre, coa experiencia máis ou menos próxima que poida ter?

### **Miriam Garabito Cociñas**

¿Puedo hablar sin ser la presidenta de UNICEF?

Falta mucho. No se puede generalizar. Hay colegios y colegios, hay recursos y recursos, hay capacidades y capacidades. Sí que es verdad que yo entiendo

que nuestro sistema educativo está estancado, seguimos aplicando en general una metodología de aprendizaje que no favorece la participación de los niños en la toma de decisiones para poder elaborar ellos mismos un proyecto futuro y además adaptarse a las nuevas formas de trabajo y de estudio que tenemos en nuestra sociedad ahora.

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

¿Cabería, entón, a posibilidade de reciclaxes? ¿Cre vostede que é posible iso, que é factible?

### **Miriam Garabito Cociñas**

¡Hombre!, hay miles de acciones de reciclaje y hay oportunidades de reciclaje.

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

Pero ¿póñense en práctica?

### **Miriam Garabito Cociñas**

A nivel de las plataformas educativas, nosotros, por ejemplo, hemos firmado un convenio con la Consellería en el que ofertamos desde las plataformas educativas nuestros programas de enfoque de derechos para poder trabajar en ciudadanía en los colegios, y están al alcance de todos. Lo que pasa es que herramientas yo creo que hay un exceso —y esto a lo mejor lo piensa alguien más que yo—, hay información, proyectos, programas..., acceso a ellos hay mil. Lo que pasa es que la vida nos come en general y hay que priorizar, y entonces trabajar un poco con lo que sabes, con lo que conoces, con lo que controlas, con lo que te presentan, más que hacer esa primera búsqueda, esa investigación, en decir: a ver, ¿qué es lo que yo quiero transmitir?, ¿qué es lo que yo quiero conseguir? Y buscar efectivamente, dentro de toda la gran oferta que hay hoy en día, ¿cómo es lo que yo quiero hacer? Nos vemos un poco sobrevenidos en ese tipo de circunstancias, en todos los ámbitos, lo que pasa es que en el ámbito de la educación tiene unas consecuencias, para mí, desoladoras.

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

Gracias.

Pregunta para Susana.

Imos ver, a idea do «parlamento aberto», en concreto, este. Por suposto, estamos todos —en fin, os que temos certa vocación democrática— por que isto cada vez se abra más, obviamente. É más, este acto de hoxe a min paréceme magnífico. E non teño por que facerlle a pelota a ninguén dos que está aquí, porque non teño vinculación con ningún deles. Pero simplemente quero dicir que este acto me parece moi bo.

Pero para ir ao concreto, imos ver, neste ciclo no que estamos fálase moito da participación, digamos, polos medios informáticos, etc. Pero eu sigo insistindo na necesidade da participación directa. Para min hai unha premisa —vou seguir coa figura do siloxismo— que é fundamental. Eu son un contribuínte, eu son un cidadán, eu teño todo o dereito do mundo a vir a un parlamento e que un parlamentario me escoite. Para min isto é algo básico. A miña experiencia persoal é que estou precisamente nun ámbito no que me aconteceu —e teño gran pracer en dicilo publicamente— precisamente unha experiencia moi negativa. Xa pasaron algunas lexislaturas, é certo, non é na actual. Eu nalgún momento opúxeme a un acto que me parece dos más criticables dentro da Administración política galega, que é o chamado «plus de altos cargos». A min paréceme das aberracións maiores que poidan existir. Non vou dar agora unha explicación do que é iso porque dou por suposto que a xente más ou menos o coñece. Entón, eu absurdamente pretendín nalgún momento que algúns dos parlamentarios escoitaran a miña crítica. Tiven a sorte de que algún deles me escoitou aquí neste ámbito, outro non estaba e contestoume por teléfono, e un terceiro contestoume literalmente que non me podía recibir porque naquel momento estaba correndo pola Zapateira —en concreto, todos sabemos ou cremos saber o que é a Zapateira, un ámbito digamos deportivo que ten moi pouco que ver precisamente co Parlamento—. Estábao chamando en horas de servizo, digamos, porque son funcionarios. En fin, a onde quero chegar é a que isto ten que desaparecer. É certo que isto non vai ser un foro aberto para que veñan cinco mil cidadáns e recibilos. Pero polo menos que haxa certos filtros, a pesar do risco que ten este termo, para polo menos ser recibidos. A onde quero chegar é a iso, ao dereito que temos a ser escoitados. É dicir, que haxa dunha maneira clara e directa, que se vaia metendo na cabeza dos parlamentarios, esa obriga, que entra, precisamente, nesa cousa tan vulgar que é o soldo, ao que ninguén renuncia. Entón, pode ser que ao mellor precisamente o ámbito maxestoso destas instalacións a algunha xente lle acorde, a cohiba un pouquiño, ao mellor o boato instrumental, algún tipo de formas, ao mellor mételle un pouco de medo. Aos que non nos mete medo en absoluto este tipo de instalacións, porque coñecemos estas e outras maiores, queremos ser escoitados. Simplemente é unha reflexión.

Imos ver. Teño más para outros, pero a Noelia moi brevemente preguntarlle: paréceme moi ben a idea, que xa se expuxo polo relator anterior, de que se cree unha especie de nova clase —digamos— profesional, que son os auxiliares —digamos— dos políticos. Entón, a min a alternativa que se me oco-

rre, precisamente, para que ese gasto non sexa maior, pois é suprimir, por exemplo, asesores, unha figura moi estendida na Administración. Entón, se suprimimos asesores, ao mellor queda outro tipo de asesores que son más prácticos.

Bueno, tería más cousas pero, en fin, vouno deixar. Moitas grazas.

**José Julio Fernández Rodríguez**

Muchas gracias.

**Unha asistente**

Muchas gracias. Y también, en primer lugar, enhorabuena por la organización de estas jornadas y también a cada uno de los ponentes por su visión particular en cada uno de los ámbitos. La verdad es que es un placer.

Yo haré, simplemente, una reflexión, pero, bueno, sobre todo al hilo de lo que había apuntado hace un momento Susana, yo voy, si me permitís, a poner un poco más incluso el punto sobre la «*i*» de lo que ella comentaba y a romper una lanza en favor del rigor, el rigor en todos los sentidos, en todos los aspectos; el rigor en la clase política, por supuesto, porque el político tiene que ser riguroso en sus actuaciones, en el cien por cien de ellas, en su gestión, y también, en la medida en que pueda, en la medida en que es responsable de lo que transmite, tiene que ser riguroso en la información que está emitiendo. Pero también los medios de comunicación tienen que serlo; es decir, no es posible que sea únicamente el día que somos noticia porque hay un titular más tendencioso o porque va a dar unas líneas más en un periódico.

Yo creo que es importante poner en valor esto. Es decir, el ciudadano merece estar bien informado, informado de forma rigurosa, y por eso digo: yo creo que una sinergia entre, evidentemente, los que son actores por un lado, que sería la clase política, y los agentes o actores de esta interpretación de la información, que son los medios de comunicación, los periodistas. Yo creo que una sinergia rigurosa en los dos aspectos sería fundamental, sobre todo precisamente por eso, porque al final el fin último es que el ciudadano esté bien informado, que al final es lo que se merecen.

**Susana López Carbia**

Completamente de acordo co que apunta.

Eu xa o dicía: temos que fazer todos autocrítica, ¿non? Ao mellor, o que lle pasou a vostede hai anos hoxe non lle pasaría, porque —algo parece— a mí dáme a sensación de que en algo fomos avanzando, dáme a sensación. Que

en hora de traballo lle digan: estou correndo pola Zapateira..., ben, pois repite experiencia e logo xa contacta comigo e xa me conta a ver se pasou o mesmo ou non.

### **Un asistente**

Muchas gracias.

A doña Miriam Garabito. Tengo una pregunta que creo que es un poco provocadora. No sé si..., pero no va a ser así. Voy a ser muy breve. Parto de la siguiente base: parte del artículo de la Convención del Niño, el 12, que dice que el niño que esté en condiciones de formarse un juicio propio podrá expresar su opinión, y otro artículo —no lo anoté— dice que por niño se entenderá cualquier persona menor de 18 años. No hay un límite hacia abajo, sino hacia arriba.

Entonces, hay un problema en el derecho contemporáneo que es el problema del lenguaje de los derechos; es decir, en muchas sociedades y en muchas escuelas doctrinarias de derecho no solamente el enfoque de derechos significa o permite solo hablar de derechos, en sentido neutro, sino también incorporar a través de ese lenguaje de los derechos una determinada visión social, política o cultural; es decir, el lenguaje de los derechos tiene el riesgo de consagrar una determinada ideología sin las desventajas del proceso político, que permite la libertad, la libertad de decisiones políticas.

Entonces, desde ese punto de vista, ¿cómo en este proceso de educación cívica de los niños podemos evitar el riesgo de involuntariamente ideologizar a los niños respecto de una determinada visión? O sea, yo no sé cómo es en España pero en Chile, por ejemplo, el proceso educativo lo controla el poder ejecutivo. Entonces, claro, no sé cómo es exactamente en España... Lo pongo en un lenguaje español: llega el Partido Popular, a través de este lenguaje de derechos, va a presentar una determinada visión de los derechos; después llega el Partido Socialista, etc. Y en Chile puede pasar lo mismo.

¿Qué pasa con la libertad política de no participar de un niño?

### **Miriam Garabito Cociñas**

También existe.

### **O asistente anterior**

Y, finalmente, claro, porque si creamos un comité, ¿qué pasa con los que no quieren participar?

### **Miriam Garabito Cociñas**

Pues no participan.

### **O asistente anterior**

¿Qué pasa con la relación con la familia? O sea, es decir, así como —digamos—, por ejemplo, aquí el profesor entiendo que adopte una visión de educación de los niños... Pero si la familia no quiere adoptar esa decisión... ¿Te fijas? Porque el lenguaje de derechos tiene otra desventaja: convierte al niño en un ente —bueno, es un poco más difícil, no tenemos tiempo para eso en este momento...—,

### **Miriam Garabito Cociñas**

El niño es un sujeto de derecho.

### **O asistente anterior**

...sujeto de derecho, pero sujeto de derecho independiente de la familia; es decir...,

### **Miriam Garabito Cociñas**

Pero bajo la protección de la familia.

### **O asistente anterior**

...puedo resumir esta pregunta en una sola pregunta. ¿Qué pasa con el derecho del niño a ser niño?

### **Miriam Garabito Cociñas**

Eso es lo primero y fundamental. Antes hemos hablado de que había cuatro principios en los que estaba basada la Convención de los derechos del niño. Yo no me atrevo a hablar de derecho teniendo aquí a personas expertas. Claro que me provocaste el miedo de contestarte con alguna cosa que no debo decir, no soy ninguna experta en derecho.

Yo solo te contesto que, fundamentalmente, nuestro mensaje es que los niños son niños. De hecho, ahora mismo, con todo el tema de refugiados, hay una controversia del lenguaje que nosotros no llegamos a entender, porque se quiere hablar de niños refugiados, niños emigrantes, niños escolarizados... No, no, son niños, y, como tal niños, tienes que proteger sus derechos y además bajo el principio del interés superior del niño.

Te podrán contestar mejor que yo, basándose en artículos y demás, ¿no?, pero nosotros principalmente lo que buscamos es que ese niño pueda ser niño. Pero el ser niño no es incompatible con ejercer todos los derechos alrededor de ese niño, que son la salud, la protección, la educación, la familia... —bueno, son 54; no te los voy a nombrar—, con cada uno de sus matices dentro de esos derechos, ¿no? Entiendo que es totalmente compatible ser niño con poder ejercer. Al revés, lo que se ha conseguido con esta Convención de los derechos del niño es que esos derechos no se los den otros, sino que sean suyos. Son sujetos de derecho —entiendo yo—.

Partimos de la base de que no pueden ser manipulados y usados como símbolos, en la escala de participación. Nosotros lo que tenemos que trasladar son unos valores universales y con unos derechos universales. No podemos estar pensado que lo que queremos instalar en los niños son ideologías —entiendo yo—. Pero te puede contestar seguramente, a lo mejor, mi compañero.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

La solución también jurídica a esto es la diferencia entre capacidad jurídica y capacidad laboral, pero no vamos a entrar en esas cuestiones de técnica jurídica ahora.

### **Luis Barreiro Carballal**

Si ten aplicacións fácticas o que comenta José Julio. Realmente non existe unha división absoluta entre minoría e maioría de idade más que para efectos políticos e administrativos; é dicir, o menor é un suxeito activo que vai adquirindo capacidade a medida que vai medrando.

Acabamos de modificar hai nada no Parlamento español a idade para poder contraer matrimonio, que era en España de 14 anos. Se tendes fillos e irmáns, collede medo: con 14 anos podía casarse alguén en España... Subímola a 16. A idade de consentimento sexual para manter relacións sexuais con adultos era de 13, e subímola a 16. É dicir, non está de todo claro, parece que se está configurando unha premaioría de idade, civil cando menos, aos 16 anos. Había moitas disfuncións. Unha menor podía abortar nalgúns supostos sen coñecemento dos seus pais, pero non se podía poñer un *piercing*. Algo estaba fallando, non parece que tiveramos moi claro ese proceso de adquisición de capacidades. Pero non hai unha división absoluta. É dicir, o menor é un suxeito que vai adquirindo capacidades e potencialidades a medida que vai medrando. Evidentemente, existe unha maioría política administrativa, que son os 18 anos.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Tamén nesta liña, para exercer por ti mesmo o dereito á protección de datos en España hai que ter 14 anos, tamén en Europa. Se tes menos de 14 anos,

non podes dar os teus datos persoais nunha rede social, teñen que ser os teus pais; se tes máis de 14 anos, si podes facelo. Ou sexa, que é unha progresiva maioría de idade, que non son os 18 anos, depende do ámbito. É un pouco confuso para que non sexa experto.

Ben, dous intervencións máis.

### **Un asistente**

Bos días.

Vou ser directo. A pregunta é para Miriam: ¿UNICEF está a favor de que se poida votar a partir dos 14 anos? Porque se o que queremos facer é que participe a xente moza e a adolescencia, non se pode comparar o dereito de abortar, o dereito de contraer matrimonio. O feito de participar en cuestións políticas debería estar diferenciado totalmente dos parámetros. Supoño que, dentro dos dereitos do neno, un sería poder participar, pero de maneira activa. Dado que UNICEF defende os dereitos do neno, creo que o fomento sería da rebaixa de idade, e non comparalo con poñerse un *piercing*, con contraer matrimonio. Se unha persoa pode ir a unhas clases e pode adoptar unha decisión, ¿cal é a postura de UNICEF con respecto a ese tema?

E con respecto ao activismo das exclusións sociais e todo iso, directamente con participación cidadá, eu creo que realmente o que hai que facer son medidas de carácter positivo —e non sei cales son as medidas de carácter positivo, se desde os medios de comunicación e tal— dirixidas ao propio parlamentario, dirixidas ao propio representante, no sentido de que se lle obligase a poder acercarse á ciudadanía. O que non ten sentido é que queiramos abrir as cousas para que entren, senón que hai que abrir para que saian. Primeiro, non se pode ter aparcamento propio, non se pode ter bar propio, non se pode ter tal, porque iso todo fomenta estar aquí dentro. Por exemplo, as institucións, é dicir, de hostalería teñen arredor moitos sitios e tal. Entón, se lles pos máis barato isto, evitan ir alí, evitan participar. Para poder ter coñecementos da realidade, creo que tamén as medidas lexislativas terían que estar nese sentido, esas obrigas.

Eu, como representante dos sectores empresariais, téñome dirixido a moitísima xente, no sentido de que, por moitas redes sociais que existan, non se dirixen case nunca a nós. Nós en temas fiscais estamos moi proactivos, porque consideramos que a Comunidade Autónoma de Galicia ten unha presión fiscal moi alta, e non temos nunca unha resposta concreta, non pasa nada.

Pero realmente para temas de exclusión social, para temas de que poidan participar os nenos, nós xa temos grupos como as asociacións de empresarios, os sindicatos, para defender. Pero se os nenos non poden votar, se a

xente que está no rural non ten a proximidade da xente mediante unha oficina aberta dun deputado á que poida acceder todos os días... Entón, creo que medidas que deben adoptarse e que deben dirixirse por parte de vós son que por parte do poder lexislativo se propoñan medidas, que non de abrir á cidadanía que veña aquí, porque a cidadanía non ten tempo para vir aquí, nin ten moito tempo para andar nas redes sociais, medidas dirixidas a iso.

¿Que medidas considerades vós que podían ser? Por exemplo, eu para a UNICEF ou a exclusión social, ánda que non se poidan duchar, seguro que se lles dis que voten ou que lean os programas políticos, poderán chegar a votar.

### Miriam Garabito Cociñas

Bueno, a UNICEF ojalá nos correspondiera la capacidad de poder decidir a qué edad votan los niños. Nosotros no tenemos esa capacidad. Nosotros lo que tenemos que fomentar y lo que tenemos que hacer es que nuestros niños, cuando lleguen a la edad que administrativamente se les diga que pueden votar, tengan la capacidad decisoria formada para hacerlo de una manera participativa, democrática y con buenas decisiones, ¿no? No podemos decir: 14, 15, 13, primero, porque las circunstancias de los niños pues son muy variables, pues no es lo mismo a lo mejor el tipo de niños con los que estamos hablando...; o sea, no podemos generalizar.

De todas maneras, en España se empieza a votar a los 18 años, un niño es de 0 a 18 años. Yo creo que a esta edad uno puede tener una formación adecuada para poder votar, y no iba a solucionar tampoco absolutamente nada que los niños votaran.

Lo que sí que yo entiendo que es necesario es que estos niños tengan participación desde pequeños en nuestras instituciones. Y por eso tenemos el programa «Ciudades amigas de la infancia», que es un programa que lo queremos instalar en los ayuntamientos. Y os tengo que decir que yo estoy tristísima, porque es que en Galicia no soy capaz de que haya una «ciudad amiga de la infancia». En Asturias, que somos primos hermanos, tenemos cerca de veinticinco «ciudades amigas de la infancia». En Galicia todavía no he conseguido la primera. Tenemos varios ayuntamientos que sí que tienen buenas prácticas en el tema de la infancia y que tienen reconocidos, pero ninguna. Tú presentas el programa «Ciudad amiga de la infancia» y no hay alcalde que no te diga que eso lo quiere tener ya en su ayuntamiento, porque lo único que les pedimos obtener es un plan integral de infancia y un consejo de gobierno participado con los niños, dos requisitos. Todos tienen planes de urbanismo, pero ninguno tiene plan integral de la infancia, por ejemplo, ¿no?

Con lo cual, yo entiendo que tenemos muchas cosas, muchas cosas en las que podemos introducir a los niños, en las que pueden participar y en las que

pueden estar desde pequeños familiarizados con instituciones, que nosotros no hemos estado, y yo creo que eso va a ser un aprendizaje —lo veremos a largo plazo—, pero que tenemos que intentar.

Tú, ¿qué me dices de la Confederación de Empresarios? El nivel de participación dentro del tema de las asociaciones de empresarios y de hosteleros también está bastante comedido. Tenéis unos representantes. Al final, todo acaba siendo representativo. Esta ley que se ha conseguido también, de las familias numerosas, ha sido a través de una asociación, AGAFAN, que es una asociación de familias numerosas que hacemos las propias familias. Yo también soy madre de familia numerosa, y lo conseguimos. Y ha sido a través de ella. Al final, todos nos tenemos que acabar asociando, porque es muy difícil manejar las opiniones de nadie sin estar organizados.

Lo que si tenemos que fomentar es que todo el mundo quiera formar parte de nuestras asociaciones y de esos modos de participación.

Y otra quejita que puedo hacer. A nivel ciudadanía, nosotros organizamos un montón de jornadas —desde APN también—, pero jornadas de formación, de acercamiento, de miles de cosas, y que participe la gente es complicadísimo, complicadísimo. Dándole todas las facilidades, poniéndolas en todas las ciudades, acercándolas a los ayuntamientos, poniendo la posibilidad de hacerlo vía *online*, y la participación es muy pequeña. Por lo tanto, tenemos que pensar que es que tenemos un problema educacional muy grave. Queremos participar, pero luego realmente no aportamos nuestro cuerpo para participar; o sea, no vamos a los sitios a participar.

Nada más.

Perdón, no sé si te he contestado.

### Luis Barreiro Carballal

Temos un problema de base, que é a lexitimación. As organizacións non temos lexitimación democrática. Somos representantes de intereses, nada mais. En todo caso, temos unha lexitimación por resultados. Se somos eficaces e axudamos a construír unha sociedade mellor, cremos que temos unha lexitimación para actuar, pero non temos lexitimación democrática. Eu non represento os menores que gardo. Exerzo unha función administrativo-burocrática, nada máis. Por tanto, estamos un pouco limitados nese sentido.

Dáse un paradoxo, por exemplo. Unha lei de menores que aprobe este Parlamento vai ser visada por sindicatos, empresarios, no Consello Económico e Social. Sindicatos e empresarios, non por Igaxés nin por UNICEF, por sindicatos e empresarios. Así está estipulado.

Nós necesitamos diálogo civil, necesitamos que a Administración, que o Parlamento, nos teña en conta para aqueles temas nos que somos expertos. Simplemente pola nosa lexitimación por resultados. A nós ningúén nos vota. Pero si que se nos recoñece certa pericia, certo coñecemento, en materias que queremos volcar á sociedade.

Nese sentido, estou totalmente de acordo contigo. É dicir, necesitamos que a Administración, os parlamentos, se acheguen máis a nós. Porque é doloroso ver ás veces o que se fai coas leis, por exemplo, nos consellos económicos e sociais, onde parece que a única obsesión é estar nas comisións que as aproben, que, total, non se reúnen, dá igual. Por exemplo: ¿o Consello Galego do Voluntariado, representación de sindicatos e empresarios..., no voluntariado? Se non hai relación laboral, ¿por que sindicatos e empresarios? Pois porque pasou polo Consello Económico e Social.

Si necesitariamos que se nos abrían un pouco non só as portas, senón que se entendera que podemos aportar algo máis, incluso no proceso lexislativo.

### **Miriam Garabito Cociñas**

De todas maneras, yo también quiero destacar que hace poco a nosotros también nos han llamado, supongo que a vosotros también....,

### **Luis Barreiro Carballal**

Si.

### **Miriam Garabito Cociñas**

...pues para esa especie de tormenta de ideas, un poco para elaborar los programas electorales. Y nosotros participamos con todos los partidos en propuestas, a nivel de infancia, para los programas políticos.

También hemos participado —supongo que también tú— en el tema de la estrategia de la infancia y adolescencia y en la estrategia de familia y pobreza y exclusión social. Sí que nos llaman y tenemos un...

### **Luis Barreiro Carballal**

Pero non está normativizado.

É discrecional.

### **Miriam Garabito Cociñas**

Es discrecional. Es que el conselleiro, con su grupo técnico y con las personas que van a elaborar esa estrategia, consideren que tienen que tener en cuenta a determinados expertos en estos temas y hacerlo. Pero no está reglado.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Última pregunta.

### **Unha asistente**

En primeiro lugar, felicitacións pola xornada. Teño asistido a moitas e é a primeira vez que me animo a participar, a interactuar.

Eu estou aquí como cidadá de a pé, nin son avogada nin son parlamentaria nin nada de nada. Creo que o meu punto de vista pode achegar aquí un punto de color distinto.

Primeiro, este ano empecei a opositar, a preparar as oposicións. A lei que más me gustou estudar foi a de iniciativa lexislativa, onde se me deu a oportunidade de coñecer, de saber, ata onde podo chegar eu como cidadá de a pé.

Identifíqueme moito co que dixo Susana. Oio aquí falar tanto a avogados, representantes, e síntome aquí un sector moi minoritario. E a miña pregunta é: ¿por que non hai máis xente aquí coma min?

### **Miriam Garabito Cociñas**

Aquí voy yo, te lo he dicho.

### **A mesma asistente de antes**

Non, non, pero agora vouche contestar moi ben.

¿Como me decatei eu destas xornadas? Por un cartel que estaba na Facultade de Dereito. É por iso que hai tantos avogados ou estudiantes de Dereito. Outra pequena referencia. Para a xente que non accede aos medios electrónicos — é certo que isto estaba anunciado na páxina do Parlamento e aí me fun inscribir— pareceume insuficiente información. Ou sexa, quitando a biblioteca de Dereito e a Conchi —como a coñecemos—, pois ¿por que non hai carteis por aí adiante anunciando este tipo de xornadas, que foi a que más me encantou das xornadas ás que asistín?

## José Julio Fernández Rodríguez

Hai varios problemas para alcanzar una difusión adecuada de eventos como este. Un problema moi importante, que non xurdiu aquí porque é unha xornada moi concentrada, é o problema da fenda dixital, a *digital divide*, entre os que teñen formación para acceder aos medios tecnolóxicos e os que aínda non a teñen ou non a terán nunca pola súa idade avanzada. A información desta xornada na web non é útil para os que non acceden a Internet.

Este problema da fenda dixital é un problema de calidade democrática moi importante. Entón, hai unha tensión. Hai unha tensión tamén nos parlamentos, nas democracias actuais. Por exemplo, abriuse una sección aquí na web deste Parlamento, chamada «Lexisla con nós», para que a xente faga proposicións, e o que non accede porque ten 70 anos e está nunha zona rural e non ten esas capacidades dixitais, ¿como poderá participar?, ¿manda unha carta baseada nodereito de petición do artigo 29 da Constitución? Podería, pero o problema da fenda permanece. É un problema actual que está presente en todo o mundo. As redes dixitais non poden substituír totalmente as redes tradicionais para evitar excluír os afectados pola fenda dixital, os que non están dixitalizados. Ese é un problema que se resolverá co tempo, a medida que morran os non dixitalizados. (Risos.) Iso é verdade, estamos ante un proceso temporal e natural que se avanzará. Eu estiven no Valedor nove anos e tiñamos ese problema. Os que máis se queixaban eran os que subían a queixa a través da web (está aquí o secretario xeral do Valedor do Pobo, que o sabe perfectamente). E tiñamos problemas para chegar á xente que non usaba medios dixitais para que nos achegara os seus problemas. Había que facer un esforzo adicional.

E outro problema, conectado co anterior, é o limitados que resultan os recursos económicos, o que impide, por exemplo, que esta xornada se divulgara por outro medios.

### A mesma asistente de antes

Eu, como cidadá, quisen poñer unha queixa á Administración. Tiven que ir a tres rexistros para obter un formulario en papel. ¿Por que teño eu que ter un DNI electrónico para poder poñer unha queixa?

## José Julio Fernández Rodríguez

¿Ao Valedor?

### A mesma asistente de antes

Non. Ao Valedor aínda hei de ir...

A miña pregunta é: se para poñer unha simple queixa, ou unha suxestión...

### **Miriam Garabito Cociñas**

¿Has llegado a la Ley de administración electrónica en la oposición? Cuando te la estudies, la mitad de tus preguntas estarán contestadas.

### **A mesma asistente de antes**

Si, lo sé. Pero yo, como ciudadana, no tengo ni por qué tener medios electrónicos. Estoy a favor de ellos, pero yo paso de los medios electrónicos.

### **Miriam Garabito Cociñas**

En esa ley no queda tan claro.

### **A misma asistente de antes**

Me veo obligada, por cómo funciona el sistema, a usarlos.

Mi pregunta es: si para poner una queja me costó tanto, ¿para iniciar yo una ley?...

### **Miriam Garabito Cociñas**

Pues a lo mejor cuesta menos.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Por eso es importante lo que estamos diciendo aquí. Por un lado, vías digitales para que la gente suba sus ideas y participe por medio de la web y, por otro lado, la puerta abierta para que venga aquí alguien al Parlamento y pregunte «¿dónde está el diputado?» y lo encuentre y se reúna con él. La presencialidad es muy necesaria en la práctica política. Por eso es importante manejar paralelamente las dos cosas: mantener el Parlamento literalmente abierto y, también, mantenerlo digitalmente abierto en su propia web.

### **Miriam Garabito Cociñas**

Tiene mucho que ver con lo que se decía también... Estamos sujetos por leyes supranacionales; aparte de las nacionales por las supranacionales, que también tenemos que adaptarnos electrónicamente a muchas cosas porque también se nos manda desde Europa.

## **José Julio Fernández Rodríguez**

Aí hai outra intervención. Vou darlle un minuto...

### **Unha asistente**

Non me parece xustificación o que dixo vostede da brecha dixital, cando eu considero que hai outros medios de comunicación (prensa, televisión, etc.) onde se pode publicitar precisamente unha xornada que vai sobre o reto da participación cidadá, para que participe a cidadanía. Ademais diso, gástanse moitos cartos públicos en poñer fotos de políticos porque hai eleccións xerais, que temos que ver todos os días, cando se poden pegar carteis destes para, precisamente, fomentar a participación cidadá.

Moitas grazas.

## **José Julio Fernández Rodríguez**

Estupendo, estou de acordo, canto más se divulguen as actividades que organizamos, mellor. Pido axuda e recursos ao presidente do Parlamento; que nos dean máis recursos e publicitamos por toda Galicia as actividades. Eu, literalmente, levei os carteis cos meus doutorandos fisicamente á facultade e á biblioteca do campus. Pero se me deran 3.000 euros subíaos á Televisión de Galicia. Pero non os temos...

Isto lévame a facer outra consideración adicional que comento agora, unha opinión politicamente incorrecta. Se queremos mellorar a participación, se queremos mellorar a calidade democrática, fan falla máis recursos para a democracia. Neste senso, non se poden baixar os soldos dos responsables políticos, hai que darles máis recursos para que contraten co *multimanager*, hai que darles máis soldo para que poidan organizarse actividades coma esta e poder divulgalas; que os que organizamos as actividades teñamos capacidade de chegar aos hipotéticos interesados. Hai que ter coidado con esa lóxica de minguar os recursos e os soldos. Se non, voltaremos ao sufraxio censitario. No século XIX soamente participaban os que tiñan diñeiro. Como non se lle pagaba ao deputado, só era deputado o rico, o que tiña recursos. Entón, é esencial buscar o equilibrio adecuado para poder recrutar os melhores, para que poida ser deputado alguén que está en paro, porque poderá vivir do soldo de deputado. Doutro xeito, se non existira o soldo, non podería presentarse a deputado —porque necesita comer—.

## **Susana López Carbia**

Completamente de acordo, pero o deputado ten que estar no seu posto de traballo e ten que estar accesible á xente. Non pode estar correndo en horas

de traballo pola Zapateira e tampouco pode estar xogando ao *Candy Crush* e que o vexamos despois no xornal, porque iso indigna. Sen querer ser simplicista, nin moito menos.

### **Unha asistente**

O que se di estaría ben se partísemos de cero, pero é que non estamos aí. No momento actual a situación desequilibrouse de maneira moi significativa. Entón, agora o que ten que convencer de que é más positivo ese plantexamento que fas ti... Non son os cidadáns os que teñen que autoconvencerse e facer a reflexión e chegar a esa convicción. Agora quen demostrou que iso que ti dis non foi posible, pese a que se intentou, pois terá que dar o do de peito para reverter esa situación.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Sen dúbida, hai que esixirllas aos partidos e aos parlamentos que teñan xente cualificada. Xa o dicía John Stuart Mill no século XIX: na democracia representativa hai que elixir bons representantes, as eleccións teñen que ter valor selectivo.

Ben, pois os cidadáns, as cidadás, temos que pedir bons representantes para que poidan facer ben o seu labor.

Unha última intervención, por favor. Pechamos.

¿Si?

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

A idea de volver ao sufraxio censitario ou censatario —que tamén valen as dúas fórmulas— é absolutamente anecdótica nestes tempos.

E despois, unha idea que quero que, polo menos pola miña parte, quede clara, sobre o tema dos 14 anos: se aos 14 anos se pode ser elector, tamén se podería ser elixible. E eu non me fago á idea, por moito que queira darrle voltas á cabeza, de que un chaval de 14 anos poida representarme nun parlamento.

Nada máis, moitas grazas.

### **José Julio Fernández Rodríguez**

Creo que foi moi interesante. Deixamos agora ao letrado maior do Parlamento, que vai explicarnos na súa intervención as novas vías de participación cidadá nesta casa.

Grazas a todos e a todas.

## **PRESENTACIÓN DOS NOVOS INSTRUMENTOS DE PARTICIPACIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA**

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior do Parlamento de Galicia

**Presentación:** Eva Millán Calenti (xornalista)

## Presentación de Eva Millán Calenti

Temos con nós a Xosé Antón Sarmiento Méndez, que é letrado da Cámara dende 1989 e durante máis de quince anos foi o letrado responsable de Tecnoloxías da Información do Parlamento.

Artigos e libros escritos por el publicados, numerosísimos, como, por exemplo, un recente que tamén creo que é importante, *A transparencia nos parlamentos españoles*, ou o *Manual de actuación do parlamentario*. Sabe perfectamente como ten que ser o tema que nos ocupa. Don Xosé Antón Sarmiento Méndez é o secretario da Xunta Electoral da Comunidade Autónoma e foi profesor de Dereito Constitucional da Universidade de Vigo. Dicíame tamén: «Se ti entras nas valoracións estudiantís na Internet, aí podes ver absolutamente de todo». Pero, ben, asumilo e aprender de todo o que se poida ler é perfectamente digno de mención.

Así que, cando vostede queira...

Non vou ser tan dura cos tempos como o foi o moderador anterior, pero, dado a hora que é e que despois queremos que interveña a xente tamén, conta co tempo de vinte ou vinte e cinco minutos.

## Xosé Antón Sarmiento Méndez

Perfecto.

Bos días a todos.

En primeiro lugar —como é de recibo—, quero agradecer aos organizadores da xornada que contasen comigo para esta intervención e tamén, obviamente, agradecer a amable presentación que acaban de fazer da miña persoa.

Obviamente, facer unha enumeración dos novos instrumentos de participación do Parlamento pode ter un alcance más ou menos profundo<sup>1</sup>. En media hora ou menos tempo —no que tratarei de facelo— non podemos esgotar toda a problemática e todas as complexidades que esta materia ten.

<sup>1</sup> *Manual de derecho constitucional: prácticas para o estudio comprensivo da materia*. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Universidade de Vigo, Servicio de Publicaciones, 2010. Con carácter xeral resulta de interese o libro de Manuel Pulido Quecedo: *El acceso a los cargos y funciones públicas. Un estudio del artículo 23.2 de la Constitución*. Parlamento de Navarra. 1992.

Dende logo, hai que partir de algo obvio, e é que o Parlamento non naceu en 2016. O Parlamento de Galicia ten unha historia tras de si xa longa. E os que levamos xa máis de vinte e cinco anos traballando nesta institución coñecemos que o Parlamento sempre tivo —aínda que eran outros tempos— unha proximidade á problemática da participación, sempre tivo unha teima permanente de estar preto dos cidadáns e dos colectivos sociais<sup>2</sup>. Entón, vou facer aquí un simple recordatorio.

Ao longo de todos estes anos e antes da reforma regulamentaria e da Lei de participación de 2015, o Parlamento tivo vías de participación institucionalizadas que foron moi frutíferas —atrévome a dicir—, como as que se levaron a cabo a través de comisións de estudio. O Parlamento ten feito numerosas comisións de estudio ao longo destas lexislaturas, e algunas delas, como as que sinalo —a comisión que no seu momento se creou para o estudio da situación da emigración galega ou a que estuda, e aínda está viva, case con carácter permanente, aínda sen selo, de igualdade entre o home e a muller—, son comisións que viviron moito a proximidade da cidadanía, que chamaron —atrévome a dicir— a ducias e case a centos de persoas a depoñer testemuña ante o propio Parlamento, e nelas, polo tanto, a cidadanía tivo presenza xa dende moi atrás de forma permanente na Cámara galega.

Pero se esta participación foi sempre importante, foi digna de mención, aínda máis existen unhas prácticas non formalizadas, non vinculadas a procedementos regulamentarios ou xuridificados<sup>3</sup>, que teñen feito que o Parlamento teña unha relación *intuitu personae*, directa, coa cidadanía. Para documentar estas vías tradicionais pode analizarse o seguinte mapa conceptual.

<sup>2</sup> Para un comentario da participación parlamentaria pode consultarse o traballo de Raquel Marañón: *Diccionario de términos de Derecho Parlamentario*. Editorial La Ley. Madrid. 2014.páxina 794. En xeral a obra: *Manual de actuación del parlamentario*. coord. por Xosé Antón Sarmiento Méndez. Editorial El Derecho, Madrid. 2011

<sup>3</sup> Sobre esta faceta da participación versa o meu traballo: “¿Transparentan bien la información los parlamentos?: ideas sobre la calidad de los parlamentos en el siglo XXI”. La Transparencia desde el Parlamento. XXI Jornadas de la asociación española de letrados de parlamentos. Tecnos. 2015. páginas 35 e seguintes. Anteriormente en *Dereito parlamentario de Galicia*. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 2001.

## Historia da participación na Cámara



2

En primeiro lugar, algo que nalgún momento parecía case anecdótico —hoje vímolo no debate— é a demanda xa instintiva de calquera cidadán de poder vir ao Parlamento, de poder visitar o Parlamento. O Parlamento ten un programa de visitas dos máis áxiles da realidade parlamentaria autonómica comparada. A cotío falo cos meus compañeiros doutros parlamentos e non reciben tanta visita como recibimos no Parlamento de Galicia: estudiantes, visitas académicas, e xa non só de estudiantes de primaria ou secundaria, senón de universitarios, de centros de investigación, incluso estranxeiros, e ás veces de colectivos sociais significados. Apunto aquí: ás veces colexios profesionais, colectivos como pensionistas, sindicatos, etc. veñen a miúdo visitar o Parlamento, coñecer as instalacións e, máis concretamente, seguir de cerca o desenvolvemento das sesións plenarias da Cámara, que son — como sabemos — as que abordan os temas de maior alcance político, de maior relevancia para a cidadanía<sup>4</sup>.

<sup>4</sup> García Roca, Javier trata o tema polo miúdo en: *Cargos públicos representativos : un estudio del artículo 23.2 de la Constitución* -Pamplona : Aranzadi, D.L. 1998

Pero esta práctica ten outra cara da moeda que o Parlamento nunca abandonou tampouco, e é que o Parlamento se ten desprazado tamén; é dicir, non estamos aquí como nun lugar pechado, áinda que Galicia sexa un territorio relativamente pequeno no que é fácil acceder a Santiago, e ao Parlamento en concreto. O Parlamento, os grupos de deputados e representacións institucionais, como a Mesa do Parlamento, teñen participado moi de preto nas distintas institucións e colectivos existentes na comunidade autónoma. Visitas a concellos ten habido moitísimas, e tense interactuado non só cos órganos representativos destas administracións locais, senón cos propios veciños. Tense interactuado moito tamén coas distintas universidades galegas. E coa aplicación tamén desa comisión que tivo tan exitosa existencia en pasadas lexislaturas, que se preocupaba dos problemas da relación coa emigración galega<sup>5</sup>, incluso moitos centros galegos en España e fóra dela foron visitados, coñecendo as realidades sociosanitarias dos nosos compatriotas que viven fóra de Galicia.

Pois ben, isto todo, que foi unha práctica, podemos dicir, histórica, non se abandona hoxe en día. Obviamente, eses mecanismos seguen existindo e o Parlamento segue recibindo visitas e segue fomentando que os cidadáns veñan aquí, pero tamén visitando e participando noutros lugares. O que ocorre é que as recentes modificacións lexislativas —a reforma do Regulamento, a Lei de transparencia e a Lei de participación— abriron un amplio abano de posibilidades de participación e de conexión entre a institución parlamentaria e a sociedade. E aquí podemos tamén —segundo, quizais, un criterio excepcionalmente académico— distinguir entre unha serie de vías que están formalizadas lexislativamente, ou, cando menos, normativamente, e outras vías informais que son novas, que se suman ás que xa existían até agora, de participación e de conexión entre a institución e a ciudadanía. Como vías formalizadas de forma lexislativa sabemos que existen as iniciativas lexislativas populares —que o comentaba unha persoa anteriormente no debate—. A existencia dunha lei recente, como veremos, facilita notablemente a súa tramitación, incluso das iniciativas lexislativas populares presentadas dixitalmente, presentadas a través de medios telemáticos. En segundo lugar, unha vía que xa existía e que se utilizou bastante no pasado —que está no artigo 44 do Regulamento— é a que permite que calquera cidadán poida ser chamado a unha comisión parlamentaria. Pois ben, agora a reforma regulamentaria posibilita que, ademais, estas comparecencias se introduzan con toda naturalidade para que os ponentes que estuden unha iniciativa lexislativa contén con eses comparecentes para valorar o texto lexislativo que está en tramitación ao tempo que as emendas presentadas polos deputados e os grupos parlamentarios. Ilustra esta variedade o seguinte mapa conceptual.

<sup>5</sup> “La regulación jurídico-constitucional de las migraciones”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Inmigración y derecho* / coord. por Inés Celia Iglesias Canle, Tirant Monografías, 2006




E seguimos na vía da vigorización, da potenciación das comisións de estudio<sup>6</sup>. Segue nesta lexislatura habendo varias comisións de estudio —e atrévome a recomendar que accedan á páxina web para ver as que existen na actualidade—. Todos son temas de máxima preocupación da cidadanía, da opinión pública<sup>7</sup> e do electorado de Galicia.

As grandes novedades que incorporou a Lei de participación de 2015 teñen que ver con dous procedementos, con dous instrumentos parlamentarios, que até agora eran restrinxidos ao ámbito dos axentes intraparlamentarios. Por unha banda, as preguntas parlamentarias. Había un par de parlamentos —non moitos, naquel momento Andalucía e Canarias— que tiñan esta posibilidade, que tiñan a previsión de que os cidadáns presentasen iniciativas de control, de información, dirixidas ao goberno e que se tramitasen no seo da cámara parlamentaria. Véremos despois os requisitos procedimentais sucintamente destas preguntas, pero Galicia apuntouse a esta corrente e, polo tanto, somos dos poucos parlamentos ainda en España nos que existe esta canle de participación popular.

<sup>6</sup> “As comisións parlamentarias na Cámara Galega”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Dereito: Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, Vol. 6, Nº 1, 1997, págs. 221-237

<sup>7</sup> “Una aproximación a los medios de comunicación desde la perspectiva autonómica: su dimensión jurídico-constitucional”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Parlamento y comunicación : (nuevos retos)* / coord. por Francesc Pau i Vall, Tercos 2005.

## AS PREGUNTAS DE INICIATIVA POPULAR E A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA



22

A seguinte canle de participación son as proposicións non de lei de iniciativa popular. Á si que somos os únicos. Non hai outro parlamento no ordenamento xurídico español que admita as proposicións non de lei de iniciativa popular. É dicir, que non só no ámbito da solicitude de información do control ao goberno, senón que agora os cidadáns poden demandar algo ao executivo, algún tipo de actuación, que, ademais, pola amplitude que ten este mecanismo da proposición non de lei en sede parlamentaria, permite practicamente solicitar calquera cuestión sen que se prohiba materia ningunha para a súa substanciación<sup>8</sup>. Falábase aquí, con ocasión do debate, do primeiro exemplo. Neste pleno pasado tramitouse a primeira proposición non de lei de iniciativa popular despois dunha exitosa tramitación —e rápida— ante a Xunta Electoral de Galicia, que é o órgano competente para tramitar este tipo de iniciativas, como veremos.

<sup>8</sup> De interese o traballo de Alberto Figueroa Larraudogoitia no *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016. No ámbito galego pode consultarse o meu capítulo: “As proposicións non de lei na práctica do parlamento galego”. *REGAP: Revista galega de administración pública*, Nº. 24, 2000, págs. 175-182

Hai outras dúas vías, que están áinda no estudo da súa potencialidade plena. A función lexislativa<sup>9</sup>, pola súa propia complexidade, pola tecnicidade que ten a redacción da norma, plantexa —non cabe dúbida— algunha limitación máis para a participación cidadá, de tal maneira que a canle que nós temos aberta xa hai anos —e que agora está na norma, o «Lexisla con nós», a posibilidade de que os cidadáns presenten emendas lexislativas—, como comentaba un ponente anterior, non é todo o exitosa que desexamos<sup>10</sup>. Hai dúas ducias de achegas, de emendas a procedementos lexislativos. É certo que exixe moito maior estudo facer unha emenda, unha proposta de cambio normativo, que non simplemente pois dicir: ¡oia!, por favor, que lles baixen o IVE aos cueiros. É moito más sinxelo —saberán vostedes como formulañan o cambio lexislativo— mandar unha proposición non de lei. De todos modos, é unha vía na que ultimamente, neste último ano, é cando se produciron a meirande parte destas achegas ao «Lexisla con nós», e que estamos dispostos a potenciar dende a Cámara; por suposto que dende os Servizos Xurídicos estamos sempre abertos a calquera consulta que se nos faga para a redacción deste tipo de iniciativas lexislativas.

Por último, o dereito de petición. O dereito de petición non é nada novo. Xa se falou aquí de que o artigo 29 da Constitución recolle este dereito como un dereito fundamental. Hai unha lei orgánica que desenvolve de xeito amplio este dereito. E non é insólito, nin moito menos, que na Comisión de Peticións do Parlamento —para este luns está convocada unha Comisión de Peticións e na orde do día vai incluído un dereito de petición—, como digo, se substancien este tipo de iniciativas dos cidadáns.

A novidade que temos agora é que, a través dun sinxelo formulario, que temos tamén na web do Parlamento, se poden presentar dereitos de petición para ser substanciados en sede parlamentaria.

Todos estes estudos que tivemos que poñer en funcionamento cando esta corrente de transparencia<sup>11</sup> existente en España e no dereito comparado chegou ás cámaras parlamentarias levaron a que a nosa web e os nosos servizos informáticos formalizaran na nosa sede electrónica outras vías de participación cidadá.

Unha delas é a de posibilitar que os deputados e que os propios grupos parlamentarios residencien na nosa web, na web do Parlamento, uns sitios propios, nos que os cidadáns interactúen, aos que poidan dirixirse. A propia publicación das direccións electrónicas dos deputados supón un avance máis nesta materia.

<sup>9</sup> Así o explica Francisco Javier Ciriero Soleti en “El procedimiento legislativo”. *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

<sup>10</sup> “Novas regras do xogo na procura da centralidade política na cámara galega”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *REGAP: Revista galega de administración pública*, N°. 30, 2002, págs. 203-213

<sup>11</sup> “La información y transparencia en los parlamentos españoles”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Corts: Anuario de derecho parlamentario*, N°. 28, Cortes Valencianas, 2015, págs. 105-132

Debo dicir aquí, comentando algún comentario que tamén se fixo por algúñ ponente anterior, que o Parlamento, dende logo, cando recibe un correo electrónico de calquera cidadán, contesta, e rapidamente. Dígo porque mos pasan a min, e eu rapidamente busco a resposta e encárgome de responder. Dende logo, aquí non quedan *mails* aí esquecidos sen responder. Entendo que é unha das nosas obrigas fundamentais mentres poidamos asumila. Claro, ao mellor digo isto e mañá chegan cinco mil e entón prodúcese un pequeno problema de tramitación que traería consigo dilacións indesexadas.

Outra vía de participación que xa existía na web do Parlamento e que dera moito xogo no seu momento eran os foros. Existiron foros creados con motivo de problemáticas concretas. En concreto, na aquí xa varias veces citada Comisión de Emigración<sup>12</sup>, que funcionou en pasadas lexislaturas, ante a dificultade, obviamente, de conectar con estes cidadáns —que viven moitos deles en América ou noutros continentes— creouse un foro a través do cal estes colectivos dos centros galegos interactuaban cos membros da Comisión e lles propoñían medidas que estes podían trasladar ás súas iniciativas parlamentarias e incluso ao Executivo galego.

E, por último, o Parlamento non vive alleo ás redes sociais<sup>13</sup>. O Parlamento participa, sen condicionante legal ningún, porque non existe unha regulación xurídica da participación parlamentaria, en Facebook, en Twitter ou en calquera outra rede social. Pero tamén eu sigo, obviamente, a participación que ten o Parlamento nestas dúas redes sociais, en concreto en Facebook e Twitter, e ten unha participación que penso que é bastante viva, sen chegar a ser tam-pouco desbordante.


Sabemos o que pasa coas redes sociais, que, se te subscribes a unha rede social e a determinado sitio e despois che están mandando cento cincuenta notificacións diárias, pois te das de baixa. Tampouco convén o que se dicía aquí: a sobresaturación de información é tanto como a denegación de información, porque a alguén que o enchamos de información desa maneira vai optar por non seguirnos, por non participar con nós da realidade virtual.

<sup>12</sup> “O labor da Comisión non Permanente para o Estudo da Situación dos Emigrantes do Parlamento de Galicia”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Dereito: Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, Vol. 10, Nº 1, 2001, págs. 243-255

<sup>13</sup> Carmen Rubio explica a cuestión en “Las disposiciones generales de funcionamiento. Las sesiones. El orden del día. Los debates”. *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

Estou vendo que o que tiña preparado vai ser materialmente imposible de explicar, porque xa praticamente imos en vinte e cinco minutos e eu tiña aquí unha explicación pormenorizada dos procedementos de tramitación<sup>14</sup> da iniciativa lexislativa popular, falando un pouco incluso da xurisprudencia constitucional, de como existen determinadas decisións que toman os órganos parlamentarios que son fiscalizables a través do recurso de amparo, que outros non. Vou, na medida do posible, pasar mentres estou falando e facer un pequeno resumo do que tiña que explicar en detalle, para que o que se queira se poida ver e, o que non, pois quede soamente co resumo que eu fago.

A título exemplificativo sintetizo algún pronunciamento do Tribunal Constitucional neste mapa conceptual.



¿Por que somos un Parlamento e unha comunidade autónoma que estamos na vanguarda da participación a través da iniciativa lexislativa popular? Pois sómolo por varias innovacións importantes.

<sup>14</sup> “Os procedementos lexislativos especiais”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. Dereito: *Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, Vol. 7, Nº 1, 1998, págs. 273-289

En primeiro lugar, en Galicia, a diferenza doutras comunidades autónomas e doutros ordenamentos xurídicos, a iniciativa lexislativa popular ten unha lexitimación moi baixa: con 10.000 sinaturas —que poden ser electrónicas— pódese presentar unha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular. Pensemos que no caso do Estado estamos falando de medio millón, co cal a división é moi fácil facela e ver que é moito máis doado levar a cabo esta presentación no caso da Comunidade Autónoma galega<sup>15</sup>.


Segunda cuestión. En Galicia non hai unha limitación de materias tan restrictiva como, por exemplo, na Lei estatal de 1984. Pensemos que no Estado non é posible presentar iniciativas lexislativas populares en materias que teñen que ver con leis orgánicas, e en Galicia as que se limitan deste trámite son as leis de desenvolvemento institucional, que son leis que teñen un carácter fundamentalmente organizativo, que realmente o interese ciudadán pola súa modificación sempre vai ser moito menor; non afecta tanto as políticas públicas, políticas sectoriais, que si poden ser modificadas por esta vía.



7

<sup>15</sup> Ao respecto Francisco Javier Ciriero Soleto en “El procedimiento legislativo”. Manual AELPA del Parlamentario. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

Terceira cuestión importante. No Estado a regulación exixe unha motivación que xustifique a forza maior para prorrogar os prazos de recolección de sinaturas por parte da Xunta Electoral. En Galicia<sup>16</sup>, simplemente, con que se motive que o problema que houbo para non acadar no prazo de tres meses as sinaturas necesarias, a Mesa do Parlamento traslada á Xunta Electoral a prórroga para poder acadar estas sinaturas sen ningún tipo de problema.



5

E, aínda que hai outros detalles, permítome destacar a cuestión máis decisiva da iniciativa lexislativa popular en Galicia. Así como en moitos sitios a iniciativa lexislativa popular non valería para nada se cando chega ao Parlamento non se tramita a iniciativa lexislativa popular, e queda aí morta para as seguintes lexislaturas<sup>17</sup>, perde actualidade —no caso das Cortes Xerais hai un mandato de tramitala nos seis meses seguintes—, en Galicia tramitámola, por imperativo legal, nos dous plenos seguintes, co cal non queda ningunha iniciativa lexislativa por tramitar.

<sup>16</sup> “Interpretación jurídica y técnica legislativa: Una visión jurisprudencial”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Repertorio Aranzadi del Tribunal Constitucional*, Nº 17, 2009, págs. 13-30

<sup>17</sup> Así o documentan Areizaga e Iturbe en “Los asuntos en trámite a la terminación del mandato del Parlamento”. *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

Sempre, en todo caso, cando menos os autores da iniciativa lexislativa, van obter unha resposta institucional da Cámara. Será que si ou que non se toma en consideración —ultimamente é que si a case todas—, pero, cando menos, van recibir unha resposta institucional, non van recibir o silencio por resposta.

Ademais desta novidade da modificación da iniciativa lexislativa popular, que tanto potencia o papel dos cidadáns no Parlamento, están as outras dúas que son novedosas: a das preguntas e a das proposicións non de lei.

As preguntas<sup>18</sup> poden presentarse por calquera cidadán de Galicia, individualmente ou como representante dun colectivo social. Simplemente teñen que ser remitidas á Cámara, e cualifícanse pola Mesa do Parlamento, establecéndose posteriormente un prazo no que, despois de publicarse no boletín oficial da Cámara, poden ser assumidas por calquera deputado. De feito, temos sete preguntas desta orixe tramitadas nos últimos dous meses, que foron xa assumidas por algúns deputados de varios grupos parlamentarios, e que polo tanto poden substanciarse en calquera momento.



19

<sup>18</sup> “A actividade rogatoria e de impulso no Parlamento de Galicia”. Xosé Antón Sarmiento Méndez. *Dereito: Revista xurídica da Universidade de Santiago de Compostela*, Vol. 7, Nº 2, 1998, págs. 173-186. Para un estudio actualizado ver Areizaga e Iturbe en “Las preguntas parlamentarias”. *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

Iso si, as iniciativas de información en que consistan as preguntas que non se asuman por ningún deputado caducan; enténdese, polo tanto, que ese interese que tiña unha persoa entre tres millóns de galegos que somos non ten o respaldo de ningún dos setenta e cinco deputados que foron elixidos polo corpo electoral.

No caso das proposicións non de lei, a tramitación é diferenciada. É necesario seguir un trámite ante a Xunta Electoral de Galicia. Tamén hai que acreditar uns fedatarios para que dean conta da validez das sinaturas requiridas para tramitar a proposición non de lei, como fixeron os que presentaron esta de dimisión do IVE dos cueiros, que acaba de aprobarse nun pleno ao remate de IX lexislatura.



18

E, en Galicia, ademais, temos outra flexibilidade maior respecto do que teñen, por exemplo, na iniciativa legislativa do Estado, e é que non obrigamos a que o xuramento dos fedatarios que deban levar a cabo a recollida das sinaturas se faga de forma persoal por todos eles ante a Xunta Electoral de Galicia. Permitimos a delegación nun deles, de tal maneira que —digamos— unha persoa se persoal por todos os demás ante a Xunta Electoral e alí recibe as credenciais de todos os demás membros desa comisión promotora para poder recoller as 2.500 sinaturas precisas para tramitar a proposición non de lei.

Como digo, todas estas cuestiós viña coa intención de comentalas en máis detalle<sup>19</sup>. Obviamente, calculei mal o meu tempo, porque non podía falar tanto como quería explicar. Creo que si resumín fundamentalmente a panoplia de mecanismos que existen na actualidade. Quedo á disposición de todos vostedes para calquera dúbida ou resolución que estea na miña man resolver.

Grazas.

### **Eva Millán Calenti**

Aquí los últimos no serán los primeros, está claro; van arrastrando toda la mañana.

¿Alguna pregunta quiere hacer alguien?

Sí, diga.

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

Unha pregunta ao letrado sobre a comparecencia dos cidadáns: ¿está suficientemente elaborado o procedemento? E das fontes ás que se recorreu no dereito comparado, ¿pódese saber algúna? Unha pregunta.

Segundo tema, o dos fedatarios. A elección ¿quen a fai e quen a paga? Estamos falando de fedatarios públicos, obviamente.

### **Xosé Antón Sarmiento Méndez**

Son dúas cuestiós diferenciadas.

Vamos ver, o procedemento de presenza no procedemento lexislativo de cidadáns ou de colectivos é totalmente sinxelo. É dicir, o artigo 44 do Regulamento posibilita que calquera persoa poida ser chamada por unha comisión. Polo tanto, cando calquera grupo parlamentario solicite esa comparecencia, cualifícase pola Mesa da Cámara, compróbanse os requisitos e a comisión pode chamar ese colectivo, como ten feito en ocasións numerosas, para ser oído e asesorar os deputados no trámite lexislativo. Ou sexa, que esa cuestión está resolta. Xa digo que se ten efectivizado xa en numerosas ocasións<sup>20</sup>.

---

<sup>19</sup> Para o que remito ao tratamento do recentemente publicado *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

<sup>20</sup> Trato en detalle estas dúbidas no meu manual *Cuestiós de Dereito estatutario de Galicia*. Editorial Guiverny. Santiago de Compostela. 2016.

Respecto do fedatario, ao mellor eu, froito desta aceleración que me ocupa no día de hoxe, non fun moi preciso, pero do que se trata aquí é de que — ademais dos fedatarios públicos, os notarios, incluso os secretarios de concello, poden actuar nesta materia, acreditando as sinaturas, é dicir, a certeza de que o que asina é o titular da persoa que figura alí co seu DNI— a lei posibilita, como fai a lei orgánica do Estado, que se habilite como fedatarios a cidadáns dos que presentan a iniciativa lexislativa popular. Por suposto, calquera cidadán maior de idade, en plenitude dos seus dereitos políticos, pode ser habilitado, e de feito é habilitado, por parte da Xunta Electoral para dar fe da validez das sinaturas recollidas, baixo apercibimento, obviamente, de que pode incorrer en delito de falsidade se o fai irregularmente.



### Un asistente (Miguel Pérez Moneo)

Muchas gracias por la claridad en la exposición. La verdad es que ¡menuda panoplia de elementos participativos con los que cuenta el Parlamento de Galicia! Realmente es una cosa sorprendente que lo coloca en vanguardia, al menos en el Estado autonómico, hasta donde yo conozco.

Una pregunta: ¿está previsto el seguimiento por parte de los ciudadanos de aquellas actuaciones en las que hayan intervenido? Por ejemplo, en el caso


de las iniciativas legislativas populares, ¿está previsto que puedan hacer un seguimiento del grado de cumplimiento del Gobierno de la decisión que se haya tomado? ¿Está prevista su presencia en la Cámara para que puedan participar, como podrían intervenir los grupos parlamentarios, y ser un acto parlamentario más, o se limitan simplemente a poner en marcha la iniciativa y después en el procedimiento se desligan de este?

Gracias.

### Xosé Antón Sarmiento Méndez

Vexamos. Unha das novedades da Lei de participación das que non puiden dar conta con suficiente detalle é que, cando se presenta unha PNL cidadá, o Parlamento se compromete —e tamén no caso das lexislativas así o fai— a ter ao día de todos os trámites que vai levando a cabo esa iniciativa. É dicir, mentres está en sede parlamentaria, nós informamos electronicamente aos autores das iniciativas do momento procesual en que está: se foi cualificada pola Mesa, se está publicada no Boletín, se vai ser incluída na orde do día, e que acordo tomou o Pleno sobre esa proposición non de lei.

Respecto da participación dos asinantes das iniciativas no procedemento posterior de tramitación dentro da Cámara pode ser ilustrativo o seguinte mapa conceptual relativo á substanciación da iniciativa lexislativa popular segundo a súa lei reguladora.



Do outro aspecto que me pregunta, é un aspecto que ten que ver coa avaliación —non tanto da lexislativa, neste caso da non lexislativa— de políticas públicas. O Parlamento de Galicia e o ordenamento xurídico galego é un dos que, aínda hoxe en día, no dereito parlamentario español, non teñen incorporados mecanismos de seguimento do cumprimento de mociones ou resolucións parlamentarias. Tamén é certo, polo que me din os compañeiros, que nos lugares onde está creado ese procedemento é coma se non se creara<sup>21</sup>. Porque se realmente o seguimento supón que se pode volver debater sobre se o Goberno cumpliu ou non a resolución parlamentaria, iso tamén se fai aquí. De feito, non é nada raro que se tramiten iniciativas, en pleno ou en comisión, nas que se lle pregunte ao Goberno: Remítimolle unha proposición non de lei aprobada no pleno do día determinado. ¿Que fixo vostede para o seu cumprimento? Pero non está incorporado lexislativamente un seguimento taxado do cumprimento dela. Iso é certo.

### **Eva Millán Calenti**

¿Algunha cousa máis quere vostede?

### **Un asistente (Emilio Ucha)**

Xa que estamos no Parlamento, pois unha cuestión de procedemento con vostede.

É que na explicación que vostede deu deste acto quedoume unha certa dúbida cando falou das valoracións que o auditorio, entre o que me inclúo, podemos facer dos ponentes. Non sei se fixo vostede unha contraposición coa valoración que desde ese lado da trincheira que vostedes ocupan se pode facer dos intervenientes.

Eu quérolle dicir que, pola miña parte, que son asistente moi habitual a este tipo de foros, conclave, etc., e esta é a primeira vez que o escoito, ao mellor é que non o entendín ben, ¿comprende?, e prodúceme certa sorpresa. Se é que o interpretei mal, retíroo. Pero se estivera no certo, produciríame certa anguria.

Tamén quero aclararlle que cando asisto a este tipo de plenos é cunha grande dose de fe; de fe e de certa vontade de aprender cousas.

Nada más. Non teño ningunha inquedanza de acadar beneficios de ningún tipo, nin laborais nin de ningunha índole.

---

<sup>21</sup> Para un estudo actualizado véxase o traballo de Josu Osés Abando en “Las interpelaciones parlamentarias”. *Manual AELPA del Parlamentario*. Coordinador Xosé Antón Sarmiento Méndez. Wolters Kluwer. Madrid. 2016

## Eva Millán Calenti

Mire, vostede é precisamente unha das persoas que sempre agradecemos moiísimo cando se organizan foros porque axiliza e forma parte desta posta en escena, por dicilo así. Entón, non me refería para nada ao que dixo vostede. Eu referíame a que todo isto da participación cidadá e todas estas armas que temos e que están medrando, porque áinda están en coiros, como a iniciativa lexislativa, pódenos permitir tamén a nós axuizar e avaliar a función que están facendo os políticos. Referíame basicamente a iso.

Efectivamente, moitos deputados, ao mellor, non merecen estar ocupando un posto porque están facendo cousas que non teñen nada que ver coa súa axenda laboral. Ao mellor, hoxe pola mañá ten un montón de correos que non está contestando e poden pensar: xa está aquí o asesor pasando unha mañá a saber onde. E non, está aquí traballando. E precisamente, con esos elementos que temos de participación, poder opinar así de claro.

É dicir, este home non o merece. Como non escoita nin está traballando polo que está cobrando, ao mellor non o merece. Se hai 10.000 persoas que pensan o mesmo, é un elemento estupendo que podemos utilizar como cidadáns. Referíame a iso.

Por outra banda, eu particularmente agradezo moiísimo, cando está un moderando ou presentando, que a xente participe. ¡Non sabe vostede ata que punto! É triste, cando se piden opinións á participación, que ninguén diga nada. Ao mellor é certo o que dicía a presidenta de Unicef, que nos custa moiísimo participar.

Eu fixen entrevistas para anunciar isto, e ás veces pensamos que a xente necesita unha motivación e que moitas veces non aproveita as canles que ten para participar. Tamén ás veces temos que facer, como cidadáns, un pouco de crítica de como participamos: se nos interesa ou se sempre estamos queixándonos, que tamén esa é outra. Por iso, nada, ¡parabéns para vostede por participar tan estupendamente!

¿Queda algunha cousa ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A clausura, claro. Está claro.

Un aplauso ao ponente.

## **CLAUSURA DA XORNADA**

**José Julio Fernández Rodríguez**

Universidade de Santiago de Compostela

**Marta Rodríguez Arias**

Vicepresidenta do Parlamento de Galicia

## **José Julio Fernández Rodríguez**

Realmente creo que esta xornada foi un éxito. Estamos a día 1 de xullo, e convocamos nesta sala a más de 70 persoas. Foi un verdadeiro éxito. Eu estou facendo cousas continuamente na universidade e sei o difícil que resulta mover á xente, sei que é difícil chegar ás persoas, ás veces non somos capaces de facelo. Melloraremos a nosa capacidade de incidencia, pero podo asegurar que 70 persoas no Parlamento o 1 de xullo é un éxito inaudito, histórico. Pódoo asegurar —xa digo— porque estou facendo actividades continuamente.

Serei breve. Quero aproveitar este momento para animarvos, cidadanía galega —galega, e non galega tamén—, a participar na vida pública. A calidade da democracia dependerá da calidade dos representantes, pero tamén dependerá da calidade, da confianza e do compromiso da cidadanía. Temos que ter en conta iso tamén, ¿non? Non só temos que ser cidadanía reactiva, que clica, que tuitea criticamente e destrutivamente. Tamén temos que ser cidadanía comprometida e verdadeiramente creativa para ofrecer novas solucións á nosa democracia e superar os retos que temos pendentes, que son moitos, no ámbito dos dereitos, no ámbito da interculturalidade, no ámbito do respecto aos dereitos das mulleres, dos nenos, das nenas, dos maiores, etc.

Animámosvos a seguir, iso si, ao que queira seguir participando, porque tamén hai que defender a liberdade da xente. Non sei se lestes a Henry Thoreau en *Walden*, un filósofo naturalista gringo do século XIX que marchou a vivir varios anos ao monte e alí estivo moi contento, illado da sociedade. Ou sexa, debe participar o que queira, e o que non, debe ter liberdade para manterse á marxe... Eu tiña un doutorando que facía cousas do máis diverso en función da etapa da súa vida. En certo momento fixo a tese doutoral, pero antes, durante anos, estivo nunha praia vivindo coma un hippy, libremente, porque é a opción das persoas tamén. Ou sexa, que participe o que queira, e o que non, pois que viva a vida pola súa conta.

E más nada. Reitero os agradecementos que fixen ao comezo da xornada. Clausura agora Marta, a vicepresidenta do Parlamento. Insisto nas grazas ao Parlamento pola súa dispoñibilidade, por abrirnos esta sala tan bonita dedicada a Carballo Calero e por deixarnos estar aquí debatendo e reflexionando sobre a participación cidadá.

## **Marta Rodríguez Arias**

Para rematar, porque penso que a xornada foi interesante como para facer unha boa clausura, creo que todos aprendemos. Como deputada eu tamén estou contenta de ter asistido a esta xornada, e gustaríame incidir en dúas cuestións.

A primeira, por suposto, darvos as grazas por asistir a esta xornada. A segunda, é unha mostra de que o Parlamento de Galicia está comprometido no reto de ampliar a participación cidadá. Xa se explicaron durante toda a xornada os distintos métodos desa participación. É certo que o camiño que se ten percorrido é importante, pero tamén é certo que aínda queda un camiño moi importante por percorrer. Dende logo, niso estamos, niso está o Parlamento de Galicia, e, dende logo, comprometidos as persoas, os deputados e as deputadas que neste momento estamos nesta Cámara.

En segundo lugar, case estou obrigada a pedir perdón por ser deputada desta Cámara. Explícome. A min gustaría dicir que eu persoalmente non entendería o meu labor como deputada se non fose pola participación dos cidadáns; o meu traballo aquí non tería sentido. É más, o meu traballo aquí sería nada.

Cada un dos deputados levamos distintas portavocías. Eu levo a portavocía de Servizos Sociais, pero tamén temos un territorio que atender; cada un ten a súa comarca ou a súa provincia. Entón, como deputada que leva os temas sociais no Parlamento de Galicia, non tería absolutamente nada que facer se non estivese en contacto todos os días con todas as asociacións, con todas as entidades, con persoas particulares que nos chaman para contar os seus casos, o caso do seu fillo ou o caso dunha problemática que aínda non se ten coñecido por parte dos grupos parlamentarios. O noso labor no pleno non tería sentido.

É certo que acabamos de aprobar a primeira proposición non de lei de iniciativa lexislativa popular dos cueiros. Pero tamén é certo que as iniciativas que os deputados e as deputadas traemos ao Parlamento son porque as escuítamos na calle, porque nos reunimos con entidades, porque nos reunimos con particulares, e iso é unha simbiose.

Polo tanto, gustaría pechar estas xornadas dicindo que o Parlamento de Galicia está comprometido a seguir avanzando e a seguir camiñando nese percorrido que se iniciou hai uns anos. E, dende logo, non ten sentido o traballo dos deputados e das deputadas se non é coa participación dos cidadáns.

Moitísimas grazas. Non é a primeira iniciativa que temos neste senso, pero tampouco será a última.

Graciñas.

